

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVIMENTO
MEMORIA ANUAL 2006

1. INTRODUCCIÓN

2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVIMIENTO: ¿QUEN SOMOS?

2.1. OBXECTIVOS

2.2. METODOLOXÍA

2.3. FINANCIAMENTO

3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

3.1. SENSIBILIZACIÓN

3.2. RECADACIÓN

3.3. FORMACIÓN

3.4 COMUNICACIÓN

3.5 DESENVOLVEMENTO INTERNO E RELACIÓNS EXTERNAS

3.6 COOPERACIÓN

4. FINANCIAMENTO

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: MEMORIA ANUAL 2006

1. INTRODUCCIÓN

Neste ano 2006, que IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO quixo dedicar ao microcrédito como eixo vertebrador das súas actividades, a nosa organización experimentou un grande pulo nas súas actividades de sensibilización e na súa presenza nos medios en Galicia, pero foi especialmente importante a revitalización de dous novos grupos de importancia fundamental: o de Lugo e o de Santiago de Compostela, amosándose o primeiro especialmente activo.

Dentro deste marco da especial atención ao tema do microcrédito e as microfinanzas, IND fixo este ano un especial esforzo, apoiado economicamente pola Xunta de Galicia a través da súa subvención de fortalecemento, para estar presente nun evento de importancia fundamental: o Cumio Mundial do Microcrédito, que se celebrou no mes de novembro na cidade canadense de Halifax. Este Cumio é o referente mundial no campo e contou coa asistencia de máis de 2.000 persoas e centos de organizacións, organismos e institucións de 110 países e, por suposto, coa presenza do Nobel da Paz, creador dos microcréditos e fundador do Grameen Bank, Mohammed Yunus.

No eido da sensibilización, consideramos de especial importancia consideramos dende IND a celebración de dúas actividades culturais i solidarias:

- A segunda edición do *Implícate! Noite de música e palabra solidaria* unha noite de arte, cultura e solidariedade que xa se está a converter nunha tradición anual que nos permite achegar e difundir máis o noso traballo e a nosa filosofía na sociedade galega.
- primeiro *Implícate na Mariña*, unha fin de semana chea de actividades culturais, gastronómicas e solidarias que uniu a diversas organizacións do tecido sociocultural da Mariña Luguesa para achegar a realidade do Sur á sociedade mariñesa.

Tamén resulta fundamental a consolidación no eido dos centros de ensino do programa dos Clubs de Cooperación, que no 2007 se estenderá por toda Galicia, ampliando os ámbitos de formación e de actuación e que servirá de vehículo de comunicación e

entendemento entre a mocidade galega e a de a India e Etiopía, ademais de un instrumento para difundir o noso labor e a cooperación ao desenvolvemento en xeral.

Igualmente, IND segue mantendo o seu compromiso con Galicia facendo cooperación desde o noso lugar no mundo, implicando directamente á nosa comunidade e decidindo desde aquí coas organizacións do sur o que nos parece máis axeitado facer para conseguir un mundo máis xusto.

O traballo na India e Etiopía segue consolidándose. Na India coa fase final do proxecto de Tiruchy e a consolidación do de Karaikal, con vistas xa a un futuro gran proxecto que abranguerá unha gran zona que une as dúas zonas nas que IND actúa agora mesmo. En Etiopía, o 2006 asistiu á fase final dos dous proxectos piloto, que no vindeiro ano ampliaremos con novos proxectos de maior magnitude:

- UDP Tiruchy e Reconstrución e Desenvolvemento, Karaikal, na India
- XICAM, North Wollo e OPRIFS, Addis Abeba, en Etiopía

Ademais, a nosa organización irmá IND-INDIA segue desenvolvendo o seu labor de apoio ás organizacións locais coas que traballa IND.

Hoxe, malia que a situación política social e humana mundial produza desesperación e perda de confianza na construción dun outro mundo, a presenza e traballo de todas as persoas que dun xeito ou outro colaboran con IND fainos pensar que é un obxectivo posible e dámos azos para traballar e comprometérmonos máis no noso proxecto. Un ano máis, o noso máis fondo agradecemento a tódalas persoas e institucións que cren cada día polos seus actos nun mundo máis xusto e solidario.

2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: ¿QUEN SOMOS?

Implicadas/os No Desenvolvemento nace como iniciativa a finais do ano 97 cando un grupo de persoas sensibilizadas co desenvolvemento en xeral e coa India en particular deciden xunta-los seus esforzos nunha Organización Non Governamental.

Implicadas/os No Desenvolvemento constitúese en asociación en abril do ano 1998 e como Organización Non Governamental de Axuda ó Desenvolvemento en agosto dese mesmo ano.

Como calquera asociación, IND conta cunha serie de obxectivos e modos de traballo que lle son propios e que a continuación expoñeremos.

2.1. OBXECTIVOS

Implicadas/os No Desenvolvemento é unha Organización Non Governamental (ONG) de desenvolvemento apartidaria e aconfesional que actúa en Galicia con dous obxectivos principais:

- Apoiar proxectos de desenvolvemento en países en vías de desenvolvemento
- Sensibilizar á comunidade galega, española e dos países desenvolvidos en xeral dos problemas das comunidades coas que se traballa e da necesidade dun cambio global para erradica-la pobreza.

2.2. METODOLOXÍA

Implicadas/os No Desenvolvemento ten unha forma de traballar clara para cumprir os obxectivos que se acaban de presentar.

En primeiro lugar, existen unha serie de criterios de traballo para a xestión de proxectos de desenvolvemento que se poderían centrar nos seguintes:

- IND financia sempre proxectos xestionados por organizacións locais indias de xeito que se garanta o respecto cultural, a creación de emprego local e a autosuficiencia das comunidades.

- IND financia proxectos primordialmente integrais e que sempre ofrezan garantías de que non se creará unha dependencia entre a comunidade e a ONG senón viceversa, a autosuficiencia da comunidade beneficiaria grazas aos seus propios recursos.

En segundo lugar, con respecto á sensibilización, IND tamén amosa unha forma de traballar claramente definida:

- IND funciona ata o momento na súa práctica totalidade co esforzo voluntario das/os socias/os e simpatizantes, con contratacións temporais para necesidades puntuais que requiren persoal especializado do que non dispón entre o seu voluntariado, por motivos de formación ou dispoñibilidade. IND promove, xa que logo, o voluntariado en tódolos diferentes aspectos de traballo.
- IND promove en todo momento a colaboración con outras organizacións xa existentes en campañas conxuntas e actividades de todo tipo, agrandando así a forza e a calidade do movemento das ONG ante a sociedade civil e gobernamental.

2.3. FINANZAMENTO

Implicadas/os No Desenvolvemento conta con varias fontes de financiamento: as/os socias/os, as actividades organizadas para recadación, e subvencións de institucións públicas (Xunta, concellos, Fondo Galego de Cooperación, etc.) e privadas destinadas á sensibilización, ao fortalecemento das institucións sen ánimo de lucro e a programas de cooperación dos que se dará cumprida conta máis adiante.

De todos os cartos recadados Implicadas/os No Desenvolvemento utiliza só un 5% para gastos administrativos.

3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

3.1. SENSIBILIZACIÓN

Como ben queda especificado na definición estatutaria de obxectivos de IND, a sensibilización resulta un campo de vital importancia para o noso labor no que este ano se conseguiron importantes obxectivos. De seguido presentamos de forma Individual cada unha das actividades levadas a cabo.

Día da Paz

Como cada ano, Implicadas/os No Desenvolvemento participou no Foro de ONG, actividade incluída na Quincena da Paz que organiza o Concello de Santiago e que este ano se celebrou o 28 de xaneiro no recinto do centro comercial Área Central.

Na mesa que montou IND o público puido comprar diferentes produtos como camisetas, axendas e postais e tamén recibiu información sobre a ONG e as súas actividades.

Neste acto, IND uniuse en nome da paz aos demais expositores solidarios que ese día compuxeron a feira de ONG, sen embargo, xunto con outras organizacións, como Amarante, amosou o seu malestar pola elección por parte do Concello de Santiago dun centro comercial para celebrar este evento, xa que non parece precisamente o foro máis axeitado para reivindicacións como o comercio xusto ou a denuncia da explotación laboral no Sur.

Clubs de cooperación

Unha das liñas máis importantes dentro deste traballo de sensibilización é o coñecemento da realidade do Sur, que constitúe un paso previo na implicación para resolver a pobreza. Un grupo importante é a mocidade, e considerando que ten poucas oportunidades de atopar foros onde reflexionar sobre o papel da sociedade do norte e súa implicación como cidadanía na erradicación da pobreza, IND continúa coas súa iniciativa para crear estes espazos a través dos Clubs de Cooperación, iniciativa que tamén pretende ter en conta o papel importante da multiculturalidade dentro da nosa sociedade actual, onde cada vez máis conviven dentro da mesma comunidade.

Á vista das dificultades experimentadas ao longo do ano 2005 para poñer en marcha os clubs no ámbito das asociacións xuvenís, Implicadas asume un novo enfoque para o ano 2006 e, en colaboración co STEG e diversos concellos, levar o programa aos centros de ensino, tanto de secundaria como de bacharelato.

Dentro deste ano 2006, puxéronse en marcha 3 clubs na cidade de Lugo e sentáronse as bases para implantar o proxecto nos 3 institutos do Concello de Oleiros para principios do vindeiro ano 2007. Ademais, diversos centros da Mariña Luguesa amosaron o seu interese en unirse ao programa no futuro.

Presentación dos materiais dos Clubs de Cooperación

Marta Iglesias Bueno, Concellala de Participación Cidadá, asistiu xunto con María Reimóndez, presidenta de IND e Blanca Rodríguez, coordinadora do programa, á presentación ante os medios dos materiais didácticos dos Clubs de Cooperación, financiados en convocatoria pública pola Concellaría de Participación Cidadá.

Premios Mestre Mateo

O resumo do IMPLÍCATE emitido pola televisión de Galicia e preparado pola produtora 4freeminds foi seleccionado como finalista para os premios Mestre Mateo do audiovisual 05. Asistiu á entrega María Reimóndez en representación de IND pero por desgraza o programa non resultou premiado.

Centro de Recursos e Iniciativas para a Solidariedade Crisol

Outro ano máis, o terceiro xa desde a súa fundación no 2004, IND e Amarante seguiron promovendo o Centro de Recursos Integral para a Solidariedade CRISOL. O equipo reitor de CRISOL está constituído por María Reimóndez, presidenta de IND como coordinadora, Anair Rodriguez como responsable de administración, Ana Luna como responsable de campañas e Xoan Hermida como Responsable de Comunicación.

Ao longo deste terceiro ano 2006 de proxecto, as dúas ONGD tivemos unha serie de reunións no CRISOL para decidir cal ía ser a planificación de actividades para o ano,

coordinar a marcha do local e darlle publicidade entre a cidadanía viguesa e mailo seu contorno.

Os obxectivos fundamentais que nos levaron a poñer en marcha o CRISOL vanse cumprindo a medida que avanzamos nos nosos proxectos e actividades, a pesar das dificultades que atopamos e os esforzos que investimos para velos reflectidos nos medios de comunicación locais.

ACTIVIDADES CRISOL

Exposicións

- Do 23 de Decembro ao 9 de Xaneiro, Exposición “O Comercio Xusto”. ONGD AMARANTE. Crisol. Vigo.
- Do 6 de Marzo ao 31 de Marzo, Exposición “Unha historia con seso”. Médicos del Mundo.
- Do 30 de Outubro ao 30 de Novembro. “Unha Xanela aberta a... Brasil”; fotografías de Óscar García, brigadista de Amarante, tomadas na súa viaxe a Brasil no ano 2005.
- Do 22 de Decembro ao 10 de Xaneiro. “O son das buguinas”. IND. Fotografías de Paco Vilabarro e textos de María Reimóndez sobre o traballo da organización nos primeiros momentos tras a tsunami.

Charlas e conferencias

- 9 Marzo, ás 20h. Mesa Redonda “A Saúde no 4º, 5º e 6º Obxectivos do Milenio”. Na charla intervirán Xoán Cons (Sanidade – CIGA). Xosé Mª Torres (Membro de Farmamundi) e Dolores, da Asociación Pro Lactancia Mámoa.
- 17 de Febreiro. Charla Xanela Aberta ao Sur. Nicaragua. Kiko.
- 23 de Febreiro. Charla Xanela Aberta ao Sur. Brasil. Sabela e Ana.
- 6 de Abril. Charla Campaña Obxección Fiscal ao Gasto Militar. Coordinadora Galega pola Obxección Fiscal.
- 10 de Maio. Charla “Os retos da Cooperación en Nicaragua”, coa intervención de Gladys Cáceres. IGADI.
- 11 de Maio. Charla “A outra cara dunha cunca de café”. D. Hernando Restrepo Piedrahíta, Director de Comercialización Interna de Expocafé (exportadora das

cooperativas de café de Colombia) e D. José Ramón Collazos Collazos, Presidente do grupo asociativo produtor de café San Isidro, do Sur do Huila (Colombia). Amarante.

- 7 de Novembro. Charla “África con face de muller”, dentro das Xornadas Contrastes. Invitada: Izelia Simbine, de Mozambique. Asociación AMPRODEC. Amarante.
- 9 de Novembro. Charla “Unha viaxe alucinante polo Super-mercado global”, a cargo de Álvaro Porro, redactor da revista OPCIONS.

Outras actividades

- Do 21 de Decembro de 2005 ao 6 de Xaneiro do 2006. Stand de Crisol na Feira de Artesanía O Feito a man. Praza da Estación de RENFE. Vigo.
- 3 de Xaneiro. Dentro da Campaña de Nadal, sesión de contos co grupo de Contacontos Pavís-Pavós. ONGD Amarante. Crisol. Vigo.
- 16 de Febreiro, 1º Obradoiro de Cociña Vexetariana, no que os protagonistas serán os cereais: a QUINOA e os COUS-COUS.
- 7 de Novembro. Rolda de Prensa: Xornadas Contrastes e visita de Izelia Simbine a Galicia.
- 24 de Febreiro, Obradoiro de Máscaras de Entroido para nenos. Para a elaboración das mesmas empregárase material de refugallo.
- 4 de Abril. 2º Obradoiro de Cociña Vexetariana. Dedicado ás legumes.
- Do 8 ao 9 de Maio. Curso “Os microcréditos”. Impartido pola presidenta de IND, María Reimóndez.
- 4 e 5 de Novembro. Feira do Outono en Pontearreas. Crisol.
- 21 de Decembro. Visit a dos rapaces da REDE SOLIDARIA DA MOCIDADE (Proxecto da ONG Entreculturas). Colexio Apostol Santiago, de Vigo.

Reunións e asembleas:

- 16 de Xaneiro de 2006. Reunión IND. Crisol. Vigo.
- 18 de Xaneiro de 2006. Reunión Directiva CRISOL. Crisol. Vigo.
- 19 de Febreiro de 2006. Reunión Amarante-Vigo. Crisol. Vigo.
- 11 de Marzo de 2006. Reunión Directiva Crisol.
- 26 de Maio de 2006. Asemblea Local Amarante. Vigo.

- 4 de Outubro de 2006. Reunión IND. Crisol. Vigo.
- 20 de Outubro de 2006. Reunión Comisión de Educación de Amarante.
- 30 de Outubro. Xuntanza IND. Crisol. Vigo.
- 31 de Outubro. Xuntanza Directiva Crisol. Vigo

Edición da Axenda Solidaria 2007

Seguindo con esta actividade iniciada no ano 2004 e que IND está xa a converter nunha tradición, preparouse a Axenda Solidaria 2007, este ano dedicada aos microcréditos, enmarcándose dentro das actividades que IND dedicou a este tema, eixo vertebrador do noso traballo ao longo do ano. Ademais, deuse a feliz coincidencia de que o creador do sistema do microcrédito e as microfinanzas, Mohammed Yunus, recibiu neste ano o Nobel da Paz *ex aequo* co banco que fundou hai 30 anos, o Grameen Bank.

Cuestións técnicas

- Deseño: Rebeca Ces / Fermín Rodríguez
- Coordinación: Blanca Rodríguez
- Contidos: Andrea Abreu, María Reimóndez, Blanca Rodríguez, N. Manimekalai
- Fotografías: Arquivo IND, Paco Vilabarro
- Tamaño: 130 x 95 cm
- Páxinas: 252
- Encadernación: en espiral
- Prezo de venda: 10 €

A axenda incorpora todo tipo de información sobre os microcréditos, o seu funcionamento, problemática e modalidades. Ademais, vaise contando o proceso de creación dun grupo de aforro dun dos nosos proxectos a través dunha fichas (unha por mes) nas que as mulleres que o integran van contando a súa experiencia . Por último, inclúense breves estudos de caso reais, de mulleres dos nosos proxectos.

Malia non contar con ningunha subvención para sacala adiante, a axenda cumpriu á perfección unha das súas funcións, a recadatoria, xa que se venderon practicamente

todas, en gran parte grazas a unha compra institucional realizada pola Consellería de Cultura.

Queremos agradecer tamén o seu traballo completamente desinteresado á deseñadora Rebeca Ces, que se encargou da maquetación da axenda.

Os puntos de venda foron o Centro Crisol e outras tendas solidarias de Galicia, a propia páxina web de IND e nas mesas de venda habilitadas o día da celebración do *Implícate, noite de música e palabra solidaria*.

Relatorio sobre o microcrédito en Santiago de Compostela

O día 29 de novembro, as 20.00, IND ofreceu na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela un relatorio sobre o microcrédito, centrándose especialmente na súa participación no Cumio Mundial do Microcrédito (celebrado en Halifax, Canadá, entre os días 12 e 15 do mesmo mes) e na aplicación desta metodoloxía nos proxectos de desenvolvemento da nosa organización. Esta foi a primeira actividade organizada polo novo grupo de voluntarios de Compostela.

O relatorio correu a cargo de María Reimóndez, presidenta de IND, e as voluntarias de IND que asistiron ao Cumio, Andrea Abreu e Blanca Rodríguez, que centraron as súas intervencións na historia do microcrédito, a metodoloxía dos grupos de aforro que IND aplica no terreo e o Cumio Mundial, respectivamente.

A numerosa asistencia encheu a sala e despois do coloquio houbo un interesante e animado debate entre a mesa e o público, que tivo que rematar por mor do horario de apertura da Galería.

Ademais, a raíz deste acto, IND entrou en contacto con algunhas persoas que amosaron interese por recibir máis información da asociación e das súas actividades de tres delas pasaron a integrarse no grupo de voluntariado de Santiago.

Implicadas na Radio Galega

Durante todo o ano 2006 Implicadas/os no Desenvolvemento contou cun espazo de 10 minutos cada mércores ás 18.15 no magazine das tardes da Radio Galega "As Quimbambas". Este espazo denominado IMPLÍCATE recolleu tanto as actividades da organización e doutras en Galicia como información xeral sobre a cooperación ao desenvolvemento, dende o que son as ONGs ata os Obxectivos do Milenio. Sen dúbida é esta unha acción fundamental para a visibilización do traballo de Implicadas e agradecemos á Radio Galega a ventá aberta que supón o noso espazo. Ademais, a remuneración deste espazo recadouse para as actividades da organización.

Documental A semente

Durante os meses de agosto e setembro realizouse a gravación por parte de María Reimóndez e Paco Vila Barros do material para o documental A Semente, que presentará o traballo de Implicadas/os no Desenvolvemento nos seus proxectos da India e Etiopía no campo do microcrédito. Este documental dobre recibiu unha subvención da Consellería de Cultura e tamén conta con apoio de Caixa Galicia. O documental está previsto que se remate en 2007 baixo a dirección de María Reimóndez e a realización de Paco Vila.

Participación na semana solidaria de Oleiros

O Concello de Oleiros, a través do Fondo Galego de Cooperación, convidou a IND a participar nunha serie de obradoiros e actividades relacionadas co tema da cooperación e o desenvolvemento realizadas no IES María Casares dentro do marco da Semana Solidaria que o Concello ven organizando hai xa varios anos. A actividade, que se celebrou o 26 de abril e estivo a cargo de Blanca Rodríguez, consistiu en cinco sesións de 50 minutos con grupos de arredor de 50 rapazas/es. En cada grupo se formaron equipos de seis persoas que, tras a visualización de un breve vídeo de un par de minutos de temática solidaria, tiñan que contestar a preguntas sobre a información que acababan de recibir. O equipo gañador de cada sesión recibiu unha Axenda Solidaria para cada un dos seus integrantes.

O interese do alumnado asistente foi moi alto e, non sendo nun dos grupos, houbo moita participación e interacción. Tanto a dirección do centro coma Mar Barreiro, a responsable de organización do Concello de Oleiros, quedaron moi satisfeitas coa actividade e manifestaron o seu interese en contar coa presenza de IND en vindeiras ocasións.

Por outra banda, Mar Barreiro amosou a súa vontade persoal e máis a do Concello de implantar o programa dos Clubs de Voluntariado nos institutos de Oleiros para o curso 2006 / 2007.

«Penso logo actúo», rolda de prensa en Vimianzo

O día 21 de marzo celebrouse unha rolda de prensa en Vimianzo no IES Terra de Soneira co gallo da instalación da exposición Penso Logo actúo no instituto. Aínda que a rolda só tivo repercusión en tres medios (Cadena Ser, cadena COPE e El Correo Gallego) , a oportunidade aproveitouse para falar da marcha das actividades con Paula García, a voluntaria encargada das mesmas e co vicedirector do instituto.

A exposición “Penso, logo actúo” en Vimianzo

A exposición “Penso, logo actúo” estivo instalada no I. E. S. “Terra de Soneira” de Vimianzo dende o venres 3 de marzo de 2006 ata o venres 31 de marzo de 2006.

Ao longo deste período, os paneis permaneceron instalados na recepción e nun corredor da pranta baixa do edificio principal do instituto, e foron vistos por todas aquelas persoas que entraron no edificio.

A exposición foi visitada por alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e 1º de Bacharelato LOGSE que cursa a materia de Relixión Católica. Nalgúns casos, as visitas guiadas foron complementadas coa formulación de cuestións sobre algúns dos datos contidos nos diferentes paneis, de tal modo que para optar a obter a máxima cualificación na materia de Relixión era imprescindible responder correctamente á totalidade das preguntas formuladas.

Por último, no que atinxe á presenza nos medios de comunicación de A Costa da Morte, só existe constancia da cobertura da rolda de prensa na que se presentou ao público de forma oficial a exposición. A dita presentación acudiu un xornalista de El Correo Gallego, xornal que publicou unha fotografía e unhas liñas sobre a exposición. Pola súa parte, a emisora da Cadena SER “Radio Nordés” púxose en contacto a través de liña telefónica coa Presidenta de IND, María Reimóndez Meilán, para realizar unha entrevista relativa á exposición e á ONG.

Participación na Semana Intercultural do IES Manuel Murguía de Arteixo

O IES Manuel Murguía, do Concello de Arteixo, púxose en contacto con IND para solicitar a nosa participación na Semana Intercultural que tivo lugar no devandito centro do 19 ao 23 de xuño. A actividade organizada por IND estivo a cargo de Blanca Rodríguez e Ester Castro realizouse o martes 20 pola mañá e constou de dúas partes: na primeira, presentouse brevemente a realidade cultural e social da India e o traballo desenvolvido por IND nos seus proxectos e na segunda, as/os rapazas/es do IES Manuel Murguía tiveron a oportunidade de falar cun grupo de mozas/os do proxecto de Tiruchy a través do Messenger, un programa de mensaxería instantánea por Internet. Esta é unha actividade moi axeitada para a mocidade, que xa se realizara con anterioridade noutros centros de ensino secundario, e que fomenta moito a participación e mais a reflexión sobre as grandes diferenzas, e tamén semellanzas, entre a mocidade de dous países tan afastados xeograficamente como a India e Galicia.

A xornada transcorreu dun xeito moi dinámico, maila algunhas dificultades técnicas sufridas na India co ordenador e unha certa falta de coordinación do profesorado cos grupos e os horarios. A asistencia foi moi numerosa, con máis de 50 rapazas/es de entre 15 e 19 anos.

Por outra banda, a dirección do centro interesouse tamén no programa dos Clubs de Cooperación e deixou unha porta aberta á súa implantación no centro para o vindeiro curso 2006 / 2007.

Exposicións «Penso, logo actúo» e «Voces dende Tiruchy», de IND no Mueo Histórico de Sargadelos

1. Inauguración [07/04/2006], coa participación de Olga Castro, Isaac Díaz Pardo e Luís Bará Torres (director xeral de Creación e Difusión Cultural). [Destaca a edición que se fixo para a ocasión dun libriño co contido principal da exposición Penso, así como a preparación de láminas grandes perdurábeis para facer máis visíbeis os relatos premiados da exposición Voces].

2. Xornada de debate e reflexión [11/04/2006], coa proxección dos documentais do *Implícate 2005* e posterior charla a cargo de María Reimóndez, e degustación de produtos de comercio xusto.

3. Recital poético [22/04/2006], coa participación do poeta cervense Xacobe Casal, das integrantes do grupo de teatro da asociación focega A Pomba do Arco, do poeta Paco Rivas, do grupo de rap mariñao Simon & Rapfunkel, e da especialista en danza oriental e do ventre Marimer. Degustación posterior de produtos de comercio xusto.

4. Concurso de poesía e debuxo para nenas e nenos e mozas e mozos entre 10 e 18 anos, que teñan como tema calquera aspecto das exposicións.

Implícate na Mariña, I Festival musical e solidario

Celebración, na explanada da lonxa do Berbés, do *Implícate na Mariña*, un festival solidario e cultural, de ámbito comarcal, con carácter anual e itinerante, promovido por Implicadas no desenvolvemento, aínda que na súa organización traballaron varias asociacións da sociedade civil burelá [ademais de IND, a Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva Palestina, o colectivo cultural e xuvenil BuriL, o Burela Fútbol Sala Pescados Rubén, a asociación cultural Leticia, a asociación Amas de casa, a Fundación de discapacitados/as da Mariña de Burela, o Centro de Educación Medioambiental Gaia do Concello de Burela, a comunidade caboverdiana de Burela, a comunidade peruana de Burela, a Asociación para a Cooperación con Cabo Verde e A Pomba do Arco, de Foz].

Implícate na Mariña, celebrado na fin de semana do 1 e o 2 de setembro, resultou un evento absolutamente innovador ao confluír nel propostas tan diversas como actividades culturais, gastronómicas, turísticas, deportivas, solidarias, lúdicas, formativas, de

comercio xusto, etc, facendo deste festival unha iniciativa cun programa plural, rico e variado. Seguindo a filosofía do *Implícate na Mariña*, no festival a solidariedade e reflexión sobre as dinámicas sociais que propician as desigualdades entre os pobos únense ás últimas tendencias artísticas e musicais das novas xeracións e dos grupos noveis de toda a comarca. Deste xeito, o venres día 1 de setembro tivo lugar a inauguración do festival cun pegón a cargo da poeta e comunicadora de televisión Yolanda Castaño (20h),. Tralo pregón comezou a bonitada preparada por Leticia, seguida de degustación de doces e sobremesas elaborados polas Amas de Casa e de café de comercio xusto da tenda Crisol. Os concertos dos grupos noveis da comarca comezaron ás 22h, coas actuacións de “Da-Capo” (Burela), “Sempre se fixo” (Ribadeo), “Stigmata” (Occidente Astur), “Mallory” (Ribadeo) e “HA6” (Burela).

O sábado 2 de setembro celebráronse pola mañá actividades de lecer solidario, como un obradoiro de danzas populares interculturais organizado por Bureil, ACCVE e a comunidade peruana de Burela; os xogos ambientais organizados polo Centro de Educación Medioambiental Gaia; patchwork solidario organizado por Leticia; maratón de bolillos organizado por Leticia, xogos deportivos organizados polo Burela FS e por Palestina; exposición e venda de produtos de comercio xusto da tenda Crisol, promovido por IND; exposición de obxectos cerámicos realizados polas persoas da Fundación de Discapacitados/as da Mariña (Burela); exposición Penso, logo actúo, de IND; e exposicións de fotografías, obxectos, artesanía e proxección de Perú e Cabo Verde. Pola tarde reanudáronse todas estas actividades (agás as danzas interculturais e os xogos ambientais), e complementáronse coa celebración de xogos populares e tradicionais de Galiza, Cabo Verde e Perú; cun mural plástico para nenas e nenos organizado por IND; con xogos de auga como o Carretauga, organizado por IND para promover a reflexión sobre o consumo razoábel deste ben; co contacontos Anxo Moure do Carballo con Botas, da ONG Bicis pola Paz; co xogo das personaxes, organizado pola Pomba do Arco; e co taller de modelado de arxila a cargo da Fundación de Discapacitados/as. A continuación tivo lugar un partido solidario de fútbol sala entre o Burela FS e o Carballiño (18.30), e tralo seu remate comezou a degustación de produtos gastronómicos de Cabo Verde e Perú así como comida vexetariana. A iso seguiu a degustación de café de comercio xusto da tenda Crisol. Os concertos da segunda noite estiveron protagonizados por “Mediogramo” (Ribadeo), “The Homens” (Burela), “Beetle Judge” (Ribadeo), “Twenty-Fighters” (Viveiro) (Occidente Astur).

Para as actividades, resultou de vital contribución a colaboración da SA de xestión Xacobeo (Consellería de Industria da Xunta de Galicia), da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural (Consellería de Cultura da Xunta de Galicia), do Burela FS Pescados Rubén, da Cerámica de Sargadelos, das Fundacións Comarcais da Mariña Oriental, Central e Occidental, do Concello de Burela e de Caixa Galicia.

Postos informativos e de venda de comercio xusto durante o verán

Co obxectivo de facer máis visible a nosa organización, durante os meses de verán montamos varios postos informativos e de venda de produtos de comercio xusto en diferentes puntos da xeografía galega:

O xoves 13 de xullo participamos nunha feira de voluntariado organizada polo concello das Pontes á que asistiron outras ONG, entre elas ADEGA, a sección galega da Marcha Mundial das Mulleres e Amnistía Internacional.

O sábado 19 de agosto montamos un posto no mercadiño solidario do festival IntegrAcción que tivo lugar na Guarda, durante as Xornadas Solidarias da vila. O festival estivo organizado pola asociación San Xerome co obxectivo de unir a música coa solidariedade.

As vendas realizadas nas dúas ocasións foron bastantes satisfactorias e as organizacións de das dúas feiras amosaron o seu interese en que IND participe en vindeiras edicións.

Creación do blog que IND

No seu constante labor para fomentar a participación de toda a cidadanía sobre os temas de solidariedade, inxustizas sociais e pobreza no mundo, Implicadas no Desenvolvemento puxo en marcha no mes de setembro un novo blog, co desexo de convertelo nun punto de encontro e diálogo entre persoas de diferentes culturas e procedencias. Este espazo virtual tamén permitirá achegar posturas, ideas, opinións e pór en contacto a persoas que defenden uns mesmos intereses solidarios.

A través de <http://implicadas.blogspot.com> pódese acceder a información de interese e ás distintas opinións das/os participantes galegas/os. O blog é un complemento moi útil para a páxina web de IND (www.implicadas.org), onde hai máis datos sobre a onegué e as accións de cooperación que desenvolve tanto na India e Etiopía coma das iniciativas de sensibilización que leva a cabo dentro de Galicia, das que a tenda de comercio Crisol é bo exemplo.

Concurso de micro-relatos

Dentro do marco do «ano do microcrédito», Implicadas/os No Desenvolvemento convocou un concurso de micro-relatos. Os textos presentados debían ser orixinais en galego e inéditos, cunha extensión máxima de 2.500 caracteres e versar dunha forma ampla sobre o microcrédito, tanto sobre a súa filosofía de fondo como sobre calquera outro aspecto relacionado.

Establecéronse tres premios: o 1º, consistente nunha Cesta de Comercio Xusto valorada en 200 euros; o 2º, unha Cesta de Comercio Xusto valorada en 100 euros; e o 3º, unha Cesta de Comercio Xusto valorada en 50 euros, sen embargo, o terceiro premio declarouse deserto.

O relato gañador foi *A camiseta de Mohammad*, escrito por Moncho Iglesias, profesor na Universidade de Belén (Israel) e o segundo premio recaeu no texto titulado *De Nathiyadevu a Fenicia*, asinado por Eva de la Torre, estudante de Filoloxía Clásica. A entrega das cestas aos gañadores realizouse durante o espectáculo *IMPLÍCATE! 2, Noite de música e palabra solidaria*, que se celebrou no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) o día 17 de decembro.

Implic-Arte: Maquila Boutique

Unha exposición de artistas plásticas sobre a explotación na industria téxtil e as súas alternativas

Implicadas/os No Desenvolvemento conta entre os seus fins o obxectivo específico de crear unha corrente de solidariedade propiamente galega que busque sinerxías noutros sectores e colectivos. Esta corrente da solidariedade galega non pode materializarse se non é coa implicación do mundo cultural galego que fai país a diario a través da literatura, a danza, a música ou o teatro. En 2005 organizamos un festival en no Auditorio de Galicia co obxectivo de dar visibilidade ao traballo da organización e tamén implicar activamente a artistas galegas/os no traballo da solidariedade dunha maneira realmente activa. Este evento foi o *Implicate!, noite de música e palabra solidaria*.

O *Implicate!* representou unha interesante combinación de arte galega e achegamento ao traballo da organización con excelentes resultados en termos de implicación. Tras o éxito do *Implicate!*, IND decidiu elaborar unha acción máis ambiciosa que combinase non só o espectáculo do Auditorio de Galicia senón unha serie de actividades complementarias que axuden a afianzar a relación da cultura galega coa solidariedade na busca dun modelo propio de relacións xustas cos pobos do Sur. Entre estas actividades complementarias atópase o proxecto IMPLIC-ARTE.

Implic-Arte

1. Obxectivos

-Reforzar os obxectivos da Noite de música e palabra solidaria que se realizará o 17 de Decembro de 2006 no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela.

-Implicar a artistas plásticas/os

-Chegar a 700 persoas en Santiago de Compostela e outras 500 noutras cidades e vilas galegas

2. Descrición da actividade

Para reforzar o espectáculo da *noite de música e palabra solidaria* e co fin de establecer vínculos con artistas doutras ramas, sobre todo a plástica, IND pretende poñer en marcha unha nova actividade, o Implic-Arte.

Este ano a actividade consistirá nunha exposición (*Maquila Boutique*) de obras de diferentes artistas (mulleres) con intervencións en roupa.

Maquila Boutique

Maquila Boutique é unha exposición de artistas plásticas na que se denuncia a explotación na industria téxtil e se presentan posibles alternativas a esta explotación.

Maquila Boutique é unha instalación a modo de tenda de roupa na que se expoñen 15 pezas creadas a partir de roupa usada de compañías sobre as que existen informes de explotación laboral nos países do Sur. Xunto coas pezas expóranse paneis con información sobre a explotación na industria téxtil e alternativas, entre elas o microcrédito, como fonte de xeración de ingresos. Nos paneis inclúense estudos de caso que contan a situación de traballadoras que traballan na industria téxtil e as beneficiarias dos grupos de aforro que apoia IND na India e Etiopía. Á parte dos paneis informativos, na exposición tamén hai 3 paneis con poemas do libro *Moda Galega*, de María Reimóndez.

A exposición *Maquila Boutique* está coordinada pola artista galega Mar Caldas e Andrea Abreu, voluntaria de IND. As artistas participantes na exposición son:

Almudena Fernández Fariña

Andrea Costas

Berta Cáccamo

Carme Nogueira

Carmen Suárez

Itziar Ezquieta

Mar Caldas

Las Pingüinas (Natalia Umpiérrez e Sara García)

Renata Otero

Rosalía Pazo Maside

A exposición instalouse na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela o 15 de decembro na véspera do *Implícate! 2, noite de música e palabra solidaria*. Para o 2007, a exposición rotará por diferentes cidades e vilas galegas, a poder ser en colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade nos Concellos que o integran e con quen xa IND ten experiencia de cooperación (Oleiros, Arteixo, Baiona, A Mariña luguesa, Lugo, Vigo, Pontevedra).

Implicate! 2 Noite de música e palabra solidaria

O día 16 de decembro celebrouse unha das actividades máis importantes do ano para *IND*, o festival *Implicate! 2 Noite de música e palabra solidaria*. O festival foi organizado nun principio por Yolanda Castaño e María Reimóndez e aglutinou posteriormente un enorme equipo humano voluntario. Novamente, igual que o ano pasado, o obxectivo desta actividade era dar a coñecer o traballo de *IND* á cidadanía galega a través dun evento cultural cos nomes máis destacados do noso panorama artístico. Este ano, o eixo temático da velada foi o mesmo ao que *IND* dedicou as súas actividades de sensibilización ao longo do ano: os microcréditos. O evento combinou a poesía, o teatro, a danza, a música e os contidos audiovisuais. Así, participaron as/os seguintes artistas:

❖ **Poesía:**

- Emma Couceiro
- Lucía Aldao
- Rosa Aneiros
- Antía Otero
- X.M. Álvarez Cáccamo

❖ **Teatro**

- Chévere
- Carlos Blanco

❖ **Música**

- Rosa Cedrón
- Deluxe
- Avalon
- ISGA Collective

❖ **Danza**

- Inquedanza
- María Reimóndez Meilán

❖ Audiovisual

Preparáronse audiovisuais breves sobre os seguintes temas:

- Implicadas/os No Desenvolvemento: breve presentación da organización e do tipo de traballo realizado
- Comercio Xusto: presentación desta alternativa
- Grupos de aforro de mulleres: explicación, a través dun caso real e entrevistas con beneficiarias dos nosos proxectos, deste sistema de microfinanzas.
- O traballo en Galicia: presentación do traballo de IND en Galicia e alternativas para implicarse

O evento foi presentado por Yolanda Castaño e Paco Lodeiro e nel integráronse tamén a entrega de premios do concurso de micro-relatos e máis unha simpática iniciativa: a escolla do nome da nova mascota de IND, unha polbiña porque as polbas son ben galegas, coma Implicadas; tamén, porque son de cor lila, a cor do feminismo; e por suposto, porque teñen moitos brazos, coma as voluntarias de IND, que cada día se entregan con ilusión para facer posible os moitos proxectos que levan a cabo. Implicadas/os No Desenvolvemento é unha organización participativa e aberta ás suxestións e ideas de todas as galegas e galegos e por iso quixemos nesa noite dar a opción de colaborar con IND para, entre todas e todos, atoparmos o nome ideal para a nosa mascota, por iso distribuímos tarxetas entre todo o público asistente, nas que podían escribir a súa proposta de nome e depositalo nunha caixa que habilitamos para o propósito e optar ao premio dun lote de produtos promocionais de IND para o nome gañador. Entre as ducias de propostas, a elixida foi «Bule», achegada por Ricardo Rodríguez Casal.

Todas/os artistas participaron de maneira desinteresada ao igual que un amplo equipo técnico desde a produción baixo a dirección de Beatriz Rodríguez Fontán, o son da man de Isaac Palacín e a elaboración dos audiovisuais, que correron a cargo de 4freeminds e Paco Vila Barros.

O evento contou co apoio do Concello de Santiago de Compostela. Celebrouse no Auditorio de Galicia e a recadación total pola venda de entradas foi de 1.376 euros.

Ademais, o voluntariado de IND tivo mesas durante o evento con materiais dos que se venderon produtos de comercio xusto e *merchandising* da organización por máis de 800 euros.

A asistencia neste ano foi menos que no anterior, posiblemente debido a que o Concello de Santiago comprometérase a dar publicidade ao acto poñendo carteis pola cidade e, esta tarefa non foi realizada coa dilixencia necesaria, coa conseguinte repercusión na afluencia de público, malia que o departamento de prensa fixo un importante seguimento desta actividade nos días previos. Tampouco beneficiou aos nosos intereses o feito de que nesa mesma noite se celebraron outros eventos culturais importantes.

Malia todo, Implicadas considera que esta actividade foi un éxito polos comentarios dos asistentes, o seu número e recadación e sobre todo pola posibilidade de transmitir o traballo de IND á poboación galega dunha maneira tan eficaz.

Ademais, a TVG retransmitiu un resumo do evento foi retransmitido o día 24 de decembro e, malia que foi a unha hora moi tardía da noite, sen dúbida axudou a que IND chegase a un número aínda maior de persoas.

3.2. RECADACIÓN

Igual que en anos anteriores, Implicadas/os No Desenvolvemento levou a cabo diversas actividades con fins recadatorios para ampliar as súas fontes de financiamento. Algunhas destas actividades tiveron unha finalidade dobre, como o *Implicate, noite de música e palabra solidaria* ou a axenda solidaria, polo que están recollidas na sección desta memoria dedicada á sensibilización.

A continuación, recollemos as iniciativas puramente recadatorias de máis relevancia.

Curso de Bharata Natyam na Asociación Monteira

O día 11 de febreiro de 2006 María Reimóndez impartiu un curso sobre a danza clásica de Tamil Nadu Bharata Natyam para as socias e socios da asociación Monteira, que promove o coñecemento sobre danzas do mundo. Á sesión acudiron unhas 35 persoas

que puideron gozar dunha explicación sobre as orixes da danza e unha demostración práctica.

Mercadiño de comercio xusto no *Implícate na Mariña*

Durante a celebración do festival *Implícate na Mariña* celebrouse un mercadiño de produtos de comercio xusto e artesanía das diversas asociacións. IND participou cunha mesa de produtos alimenticio de comercio xusto e a recadación foi de 506,20€, unha cifra considerable tendo en conta a afluencia de público e a media de vendas habitual neste tipo de actos.

Novo merchandising e postais

IND decidiu ampliar os produtos promocionais da asociación para a tempada de Nadal, con vistas, sobre todo á venda durante o *Implícate, noite de musica e palabra solidaria*. Os novos produtos foron paraugas, chisqueiros, chapas e camisetas para home e muller de algodón ecolóxico de comercio xusto. Todos estes produtos levan impresa a imaxe de «Bule», unha polba que é a nova mascota de IND.

Do mesmo xeito, IND sacou por segundo ano consecutivo unha serie de postais con fotos elaboradas por Paco Vila Barros durante a súa visita aos proxectos de Etiopía e máis coas ilustracións realizadas por Xulia Barros para o libro *O son das buguinas*, que IND presentará coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia a principios do vindeiro ano 2007.

Todos estes produtos están á venda dende o mes de decembro no local Crisol, tamén se poden conseguir a través da páxina web.

3.3. FORMACIÓN

Curso en Lugo: Que son as ONGD?

O día 11 de marzo IND participou como docente nun curso de formación básica titulado QUE SON AS ONGD organizado pola Coordinadora Galega de ONGs en Lugo. Participaron 10 persoas e o curso foi impartido por María Reimóndez.

Curso sobre os microcréditos

Seguindo co seu labor de formación, orientada tanto ao voluntariado e á base asociativa como a toda a cidadanía, IND impartiu un curso sobre os microcréditos. Esta actividade formativa, que tivo lugar no Centro Crisol o luns 8 e o martes 9 de maio, en horario de 18.30 a 20.30, e estivo dirixida a calquera persoa con interese na cooperación internacional e máis especialmente, a persoas que desexen integrarse no traballo de IND dentro do Ano do Microcrédito. O importe da matrícula foi de 5 euros.

O obxectivo deste curso foi proporcionar formación sobre a cooperación ao desenvolvemento internacional e, en concreto, sobre a función e importancia dos microcréditos. O curso serviu tamén como punto de arranque ás actividades do ano dedicado ao microcrédito. O temario que se abarcou nas xornadas comezou cun breve repaso histórico e introdutorio aos microcréditos, para logo afondar no sistema de microcréditos na India e en Etiopía e finalmente concluír cun percorrido polas experiencias de proxectos nestes dous países da man de IND. O curso combinou contidos teóricos con contidos prácticos e dinámicas participativas.

O nivel de asistencia foi satisfactorio e o grupo foi moi participativo.

Participación nun curso sobre medios de comunicación

Implicadas/os no Desenvolvemento participou nunha mesa redonda no curso celebrado en Santiago de Compostela o 19 de abril para presentar a súa política de relacións coa prensa e de comunicación. Na mesa participaron tamén Amarante, A Cova da Terra e Intermón-Oxfam.

Curso organizado pola secretaría de relacións exteriores

O día 28 de setembro, IND participou nun curso titulado A COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO: A EXPERIENCIA GALEGA, celebrado na EGAP entre as 17 e 20 horas. A súa intervención foi para falar das experiencias prácticas na xestión de proxectos, abordando especificamente o enfoque de xénero.

Curso de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo [26/10/2006]

O 26 de outubro, IND participou no curso de extensión universitaria COOPERACIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN, celebrado na Facultade de Filoloxía e Tradución. A sesión a cargo de IND tivo lugar entre as 18 e as 20 horas e estivo dedicada ao Gabinete de prensa de IND.

Seminario sobre a agricultura

O día 10 de novembro, Implicadas/os No Desenvolvemento participou no seminario «Agricultura, vía de desenvolvemento global», organizado pola ONG Amaranite coa colaboración da Coordinadora Galega de ONGDs. O tema da intervención de OND foi: A Pobreza, cuestión de xénero.

Participación nunha xornada da Rede Solidaria da Mocidade

A petición da ONGD Entreculturas, IND participou nunha xornada de encontro, convivencia e formación con rapaces e rapazas vidos de diferentes colexios de Galicia. A xornada celebrouse no colexio Santiago Apóstolo de Vigo, o venres 27 de outubro e nela participaron 150 rapazas e rapaces de 14 centros de ensino das provincias de A Coruña e Pontevedra.

Esta xornada é unha actividade anual, que neste 2006 estivo dedicada á formación sobre os Obxectivos do Milenio. IND foi convidada como organización especializada na cooperación dende o enfoque de xénero e colaborou cun obradoiro relativo ao OBXECTIVO 3: IGUALDADE ENTRE XÉNEROS E AUTONOMÍA DA MULLER. Neste obradoiro participaron 20 mozas e mozos de 14 a 17 anos e tivo unha duración aproximada de dúas horas.

A seguir, incluimos os puntos do obradoiro que impartiu Blanca Rodríguez en representación de IND:

1. Dinámica de presentación (20 minutos)
2. Introdución xeral dos ODM: Presentación en Power Point con preguntas para as/os rapazas/ces. As/Os que participen levarán pequenos premios. Especial atención ao obxectivo 3, do que trata o obradoiro. (25 minutos)

3. Obxectivo 3: Promover a equidade de xénero e a autonomía da muller: Breve presentación do tema do microcrédito. (20 minutos)
4. Dinámica de roleplaying: traballarase co sistema do microcrédito e os grupos de aforro. (40 minutos)
5. Presentación do programa Clubs de cooperación para a mocidade: Unha iniciativa que presenta IND e que pretende achegar a realidade das mocidades galega, india e etíope a través da reflexión e do intercambio de información e experiencias que se pode incluír como actividade extraescolar ou como parte dunha asignatura. (15 minutos)

Curso de Extensión Universitaria na Universidade de Vigo: Cooperación e medios de comunicación

Na convocatoria 2006 dos cursos de extensión universitaria, IND organizou do xunto coa Universidade de Vigo o curso titulado: Cooperación e medios de comunicación cunha duración total de 20 horas. Ao longo dos días 18, 19, 25 e 26 de outubro, en horario de tarde (de 16.00h a 20.00h), Ana Luna coordinou un curso que tiña como obxectivos principais:

- 1.- Chamar a atención sobre o papel que xogan os medios de comunicación na nosa sociedade. O curso pretendía crear un espazo de encontro, de reflexión e análise entre as ONGDs e os medios de comunicación.
- 2.- O obxectivo fundamental do curso centrouse na análise da imaxe que constrúen os medios das comunidades do sur para descubrir as súas consecuencias na acción solidaria.
- 3.- Tamén se pretendía que as mesas redondas compostas por representantes dos diferentes medios de comunicación galegos se formulase o debate sobre as mensaxes e maila información que ofrecen os medios de comunicación (radio, prensa e televisión) sobre as diferentes actuacións das organizacións non gobernamentais.

Nas primeiras sesións teóricas, Ana Belén Puñal e Joam Evans Pim, procedentes da Universidade de Santiago, reflexionaron sobre o marco teórico e presentaron algún modelo de traballo para a prensa.

Ana Belén Puñal entrevistou sobre: A comunicación dende a perspectiva de xénero (Introdución ao sistema sexo/xénero. Sexismo e androcentrismo nos medios de comunicación. A invisibilización das mulleres nos medios: no protagonismo da información, na rede de fontes e nos contidos; A deturpación da representación das mulleres na información. Análise de roles e estereotipos en función do xénero; A linguaxe sexista e estratexias para a súa superación; A perspectiva de xénero na información. A súa aplicación á información sobre o terceiro sector. Estratexias para a elaboración da información dende a perspectiva de xénero; Obradoiro de aplicación comunicacional

Joam Evans tratou os seguintes temas: A sociedade da información e a globalización (Medios de comunicación e Tecnoloxías da Información e Comunicacions. A Comunicación no Terceiro Sector); A Cultura comunicacional no Terceiro Sector (Comunicación, identidade e imaxe corporativa. A Comunicación na planificación estratéxica: os planos de comunicación. Comunicación interna, externa e auditorías); A estrutura de comunicación (Funcións, obxetivos e estrutura. Recursos humanos e técnicos. A relación cos medios informativos); As ferramentas da comunicación (Comunicación interna. Boletín interno. Taboleiros. Caixas de suxestións. Listas de correos electrónico. Intranet / Páxinas de acceso restrinxido. Chat. Comunicación externa. Revista. A nota e comunicado. A entrevista. O dossier. Roldas, conferencias, almozos. Visita de imprenta. Ferramentas imaxinativas. Cartas ao director. Campañas, eventos, iniciativas. Comunicación de crise.

A seguir, celebrouse unha mesa redonda sobre Cooperación e os medios de comunicación, na que participaron María del Carmen Echevarría como representante de Radio Vigo (Cadena Ser); Xan Carballeira, en representación de A Nosa Terra; Manuel Gago Mariño, director do xornal cultural (culturagalega.org) e María Yáñez en representación de Vieiros.

O último día do curso, o fotógrafo de A Nosa Terra, Paco Vila Barros, fixo un percorrido sobre as diferentes maneiras de presentar a cooperación e as relacións entre as comunidades do norte e do sur dende a perspectiva da ética e o código de conduta. Para rematar, o gabinete de prensa de IND (Implicadas/os no Desenvolvemento), representado por Olga Castro e Paula García presentaron as actividades do gabinete.

O curso tivo unha boa acollida entre o alumnado universitario (30 persoas), que participou de maneira activa cos seus comentarios e suxestións.

Curso formativo para os Clubs de Cooperación en Lugo

Seguindo co labor de difusión e expansión por todo o territorio galego dos Clubs de Cooperación, IND emprendeu unha nova colaboración co STEG para levar este programa aos centros de ensino primario e secundario. Deste xeito, celebrouse no local do STEG un curso destinado a formación das/os mestras/es que se encargarán da xestión dos clubs nos seus respectivos centros. O curso celebrouse os días 18, 19, 20, 24 e 25 de abril e os 2 e 3 de maio, e asistiron 8 persoas. O curso foi impartido por María Reimóndez, Blanca Rodríguez e Ester Castro.

Contidos

Os contidos do curso impartíronse mediante dinámicas participativas, xogos, debates, materiais audiovisuais, etc., seguindo sempre o programa do libro de materiais didácticos dos clubs. Os temas foron os seguintes.

UNIDADE 1

1. Inicios do sistema de cooperación internacional

1.1 Qué é a cooperación ao desenvolvemento

1.1.1 Os inicios da cooperación internacional

1.1.2 Relacións Norte–Sur e as novas formulacións da cooperación

1.1.3 Neoliberalismo, globalización e cooperación ao desenvolvemento

1.1.4 O desenvolvemento humano perdurable e as súas implicacións para a cooperación e as ONGD.

1.2 A actualidade

1.3 As organización non gobernamentais dentro deste sistema

1.3.1 Características comúns das ONGD

2. A axuda oficial ao desenvolvemento

2.1 O 0'7%

2.1.1 Aspectos nos que incide o movemento polo 0'7%

3. Comercio xusto

UNIDADE 2

1. O traballo de IND

2. Os países nos que traballa IND

2.1 A India

2.2 Etiopía

3. As organizacións de mocidade nos países nos que traballa IND

3.1 A India

3.2 Etiopía

UNIDADE 3

1. Dinámicas de distensión e cohesión grupal

Nas enquisas de avaliación, a valoración foi positiva ou moi positiva e o curso serviu para establecer o xermolo do que se está a converter un grupo estable na cidade de Lugo.

Implicadas no Cumio Mundial do Microcrédito

Como xa apuntabamos na introdución, a cidade canadense de Halifax acolleu entre o 12 e o 15 de novembro o Cumio Mundial do Microcrédito. Implicadas/os no Desenvolvemento non quixemos faltar a esta importantísima cita e enviamos a dúas das nosas voluntarias, Blanca Rodríguez e Andrea Abreu. Fomos a única organización galega presente nesta cita imprescindible.

Foron tres xornadas moi intensivas, con horarios moi prolongados, dende moi cedo na mañá ata última hora da tarde, o que proporcionou ás voluntarias de IND a oportunidade

de asistir a numerosas sesións, relatorios, coloquios, mesas redondas e obradoiros, en moitos dos cales participamos activamente, compartindo cos asistentes o xeito de traballar e ver as microfinanzas de Implicadas/os No Desenvolvemento.

Ademais de para adquirir novos coñecementos e compartir a experiencia propia, IND tivo a oportunidade de obter materiais escritos en forma de libros, informes e publicacións variadas de outras organizacións que contribuirán a aumentar a biblioteca e o material de formación da nosa organización.

Por último, o Cumio foi unha auténtica plataforma para contactar con outras organizacións de moitos países, coas que IND agarda poder construír pontes de colaboración e tamén houbo a oportunidade de gravar en vídeo diversos testemuños que se utilizarán na creación de materiais didácticos e de divulgación.

A seguir, enumeramos as sesións ás que as representantes de IND tiveron a oportunidade de asistir:

Domingo 12

- Sesión plenaria: «Factores que contribúen ao Crecemento Exponencial: Estudos de Caso para conseguir chegar á maior número de persoas pobres entre as máis pobres».
- Obradoiro: «Cómo Garantir a Sustentabilidade do Impacto: Demostración da Contribución das Microfinanzas á Consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio».

Luns 13

- Sesión plenaria: «Alcanzando os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e a Campaña do Cumio de Microcrédito de Reducir a Pobreza Extrema: Cales son as últimas novidades para medir de xeito rendible o movemento por debaixo do límite de 1 \$ diario?»
- Obradoiro: «Maximizar o Impacto: Innovacións na Integración Rendible das Microfinanzas coa Educación en Saúde.»
- Obradoiro: «Contribución do Microcrédito á Igualdade de Xénero.»

- Relatorio: «O Empoderamento das Mulleres a través da Alfabetización Financeira»
- Relatorio: «Os Grupos de Autoaxuda: Un novo paradigma na redución da pobreza a microniveis»
- Mesa redonda: «Cómo facer as Microfinanzas realmente inclusivas: Chegando a persoas con discapacidade»

Martes 14

- Mesa redonda: «Escoitemos as Voces das/os Clientes de Microcréditos no Sur»
- Sesión: «Igualdade de Xénero e Microfinanzas: Continuación do debate»
- Sesión plenaria: «Presentación de plans de acción institucionais»
- Xuntanza de Axentes de Microcrédito e ONG
- presentación do documental *You can Bank on Me*, de Richard Phiney

Mércores 15

- *Sesión plenaria: «A Creación de Sistemas Financeiros que Funcionan para a Maioría»*
- Obradoiro: «Aprender a integrar sustentablemente as Microfinanzas e a Educación para a supervivencia infantil, saúde reproductiva e prevención do VIH/ SIDA para as persoas emprendedoras máis pobres»
- Discursos de peche

3.4. COMUNICACIÓN

No ano 2006 o grupo de traballo formado por voluntarias para o gabinete de prensa experimentou unha notábel consolidación, coa incorporación de novas xornalistas. Así, a data decembro de 2006, o gabinete de prensa está formado por:

- Olga Castro Vázquez
- Paula García Costa
- Sonia Torres Cancela
- Carmen Marina Vidal

Ao longo deste ano, dende o gabinete realizamos as seguintes actividades:

Participación en cursos

- I Xornadas de Cooperación e Comunicación Social en Compostela (Club Internacional de Prensa) o mércores 19 de maio de 2006. [María Reimóndez Meilán]
- Curso de Extensión Universitaria “COOPERACIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN”, impartindo a conferencia “O gabinete de prensa de IND”. [Olga Castro Vázquez & Paula García Costa]

Coordinación do boletín Implicate! [A Nosa Terra]

- Coordinación dos números 1 e 2 do boletín Implicate, no que se trata a actualidade de IND. O boletín distribuíuse de xeito gratuíto co semanario A Nosa Terra, e para a súa creación contamos cunha subvención da Dirección Xeral de Política Lingüística.

Redacción

1-NOTA DE PRENSA 23/01/2006

IND participa en Santiago no VII Foro de oenegés cun stand e actividades para a mocidade

As mozas e mozos e asociacións xuvenís poderán inscribirse nesta iniciativa durante a xornada, que se desenvolverá no Centro Comercial Área Central de Fontiñas (Santiago) de 11 a 19.30 horas

2- NOTA DE PRENSA 09/02/2006

O Bharatha Natyam chega a Vigo da man de María Reimóndez, por iniciativa de Danzas do Mundo

O Grupo de Danzas do Mundo ‘Monteira’ incorporará esta danza clásica do sur da India ao seu abano de expresións artísticas

3-NOTA DE PRENSA 10/02/2006

O centro Crisol descobre a partir deste xoves os segredos da cociña vexetariana

As persoas que desexen anotarse ao curso xa poden reservar a súa praza chamando ao 886 111 327

4-CONVOCATORIA DE ROLDA DE PRENSA 15/02/2006

Rolda de prensa en Vigo para a presentación á cidadanía dos MATERIAIS DIDÁCTICOS DO PROXECTO DOS CLUBES DE COOPERACIÓN

5-NOTA DE PRENSA 16/02/2006

A ONG Implicadas no Desenvolvemento presenta os materiais didácticos do proxecto dos Clubs de Cooperación

O obxectivo é achegar á xuventude de Galiza coa de Etiopía e India

6-NOTA DE PRENSA 10/03/2006

Implicadas no Desenvolvemento participa mañá sábado no seminario de formación que organiza o Concello de Lugo e a Coordinadora Galega de ONGDs

A presidenta de IND, a lucense María Reimóndez, falará sobre as orixes e traballo desta oenegué así como da cooperación dende Galiza

7-CONVOCATORIA A ROLDA DE PRENSA 20/03/2006

Rolda de prensa en Vimianzo para presentar a exposición 'Penso, logo actúo' no IES 'Terra de Soneira' da localidade.

8-CONVOCATORIA A ROLDA DE PRENSA 05/04/2006

Rolda de prensa en Sargadelos (Cervo) para presentar as exposicións 'Penso, logo actúo' e 'Voces desde Tiruchy' no Museo Histórico de Sargadelos, así como os actos arredor destas exposicións.

9-NOTA DE PRENSA 06/04/2006

O Museo Histórico de Sargadelos acolle até finais de mes dúas exposicións da ONGD galega Implicadas/os no desenvolvemento

'Penso, logo actúo' e 'Voces dende Tiruchy' poderán visitarse de martes a sábado en horario de 10.30 a 14 e de 16 a 19 horas

Diversas actividades complementarias completarán a oferta cultural e solidaria de IND en Sargadelos durante o mes de abril

10-NOTA DE PRENSA 10/04/2006

Implicadas/os no desenvolvemento imparte uns cursos de cooperación internacional para unir á mocidade de Lugo coa da India e Etiopía

O vindeiro martes remata o prazo para anotarse a estes cursos, dirixidos a persoas que traballen coa mocidade, e que teñen como obxectivo formar a monitoras/es que poñan en funcionamento os Clubs de Cooperación

11-NOTA DE PRENSA 09/04/2006

Implicadas/os no desenvolvemento promove o vindeiro martes, ás 19 horas, a xornada de debate e reflexión *Implícate!* no Museo Histórico de Sargadelos

A presidenta de IND, María Reimóndez participará neste evento, no que tamén haberá unha degustación de produtos do comercio xusto

12-NOTA DE PRENSA 12/04/2006

Implicadas/os no desenvolvemento organiza un concurso de poesía e outro de debuxo para mozas/os entre 10 e 18 anos

O prazo de entrega dos orixinais, cuxo tema serán as exposicións de IND no Museo Histórico de Sargadelos, rematará o venres 28 de abril

13-NOTA DE PRENSA 20/04/2006

VERSOS PARA A SOLIDARIEDADE

Un recital poético e musical solidario completa as ofertas de actividades de IND en Sargadelos

Coñecidas/os artistas da Mariña participan este sábado no recital, organizado pola ONG 'Implicadas/os no Desenvolvemento'

14-NOTA DE PRENSA 27/04/2006

Implicadas/os no desenvolvemento organiza un curso sobre os microcréditos os días 8 e 9 deste mes en Vigo

O prazo para anotarse nesta actividade formativa, de prazas limitadas, permanecerá aberto até o venres 6 de maio

15-CONVOCATORIA A ROLDA DE PRENSA 02/05/2006

Rolda de prensa para facer a presentación do ANO DO MICROCRÉDITO, tema ao que IND dedica este ano 2006, e de todas as actividades que IND organizará por toda a xeografía galega con motivo do mencionado ANO DO MICROCRÉDITO.

16-NOTA DE PRENSA 05/05/2006

ÚLTIMAS PRAZAS PARA O CURSO SOBRE OS MICROCRÉDITOS QUE ORGANIZA Implicadas/os no desenvolvemento OS DÍAS 8 E 9 EN VIGO

O prazo para anotarse nesta actividade formativa permanecerá aberto até o luns 8

17-NOTA DE PRENSA 15/05/2006

Implicadas/os no desenvolvemento participa este mércores nas I Xornadas de Cooperación e Comunicación Social en Compostela

María Reimóndez, presidenta de IND, falará sobre a responsabilidade dos medios de comunicación na relación entre oenegués e cidadanía

18-REPORTAXE

Implicadas/os no Desenvolvemento aproba a súa planificación para o período 2006 – 2008

A ONG galega agarda poder celebrar o seu décimo aniversario, en 2008, cun crecemento cuantitativo e cualitativo notorio

19-NOTA DE PRENSA 23/08/2006

NACE O IMPLÍCATE NA MARIÑA, I FESTIVAL MUSICAL E SOLIDARIO

A primeira edición deste festival, do que será pregoeira Yolanda Castaño, celebrarase en Burela os días 1 e 2 de setembro

O IMPLÍCATE consolidarase como un evento no que converxa a reflexión e solidariedade coas propostas musicais dos grupos noveis da Mariña

Doce colectivos cidadás burelaos implicáronse na organización das actividades culturais, musicais, gastronómicas, turísticas, deportivas, solidarias, lúdicas, formativas e de comercio xusto

20-CONVOCATORIA A ROLDA DE PRENSA 23/08/2006

Rolda de prensa para presentar oficialmente o Implicate na Mariña, promovido por Implicadas no desenvolvemento, coa participación como organizadores doutros colectivos socioculturais.

21-COMUNICADO DE PRENSA 14/10/2006

UN DÍA PARA CELEBRAR

Implicadas/os No Desenvolvemento, organización pioneira en Galicia no traballo co microcrédito, comparte a ledicia mundial pola concesión do premio Nobel da Paz a Muhammad Yunus.

22-NOTA DE PRENSA 20/10/2006

Un blog solidario para escoitarnos

Implicadas no desenvolvemento estrea a súa bitácora, aberta á participación cidadá, en <http://implicadas.blogspot.com>

23-NOTA DE PRENSA 28/10/2006

Un concurso de micro-relatos continúa coa oferta de actividades de IND enmarcadas no ano que esta oenegué dedica ao microcrédito

O prazo para enviar micro-orixinais remata o 4 de decembro. A entrega de premios terá lugar o 16 dese mes durante o Implicate, noite de música e palabra solidaria.

24-CONVOCATORIA DE ROLDA DE PRENSA 20/11/2006

Rolda de prensa na que as voluntarias de IND que participaron no Cumio Global de Microcrédito (Halifax, Canadá, 12-15 novembro) expuxeron as súas impresións sobre esta estratexia.

25-NOTA DE PRENSA 27/11/2006

CHARLA-COLOQUIO EN COMPOSTELA SOBRE OS MICROCRÉDITOS A CARGO DE Implicadas no desenvolvemento

IND foi única organización galega presente no Cumio Global do Microcrédito que se celebrou en Halifax, Canadá, entre os días 12 e 15 novembro

IND foi a primeira organización galega en utilizar os microcréditos como método de traballo nos proxectos de cooperación

26-NOTA DE PRENSA 05/12/2006

A segunda edición do IMPLÍCATE! NOITE DE MÚSICA E PALABRA SOLIDARIA, reunirá en Compostela a artistas de luxo a prol da sensibilización

'Implicadas no Desenvolvemento' promove este evento solidario que terá lugar o sábado 16, ás 20 horas, no Auditorio de Galicia

27-NOTA DE PRENSA 07/12/2006

Últimos días para participar no concurso de micro-relatos organizado por IND

O prazo para enviar micro-orixinais amplíase até o vindeiro xoves 14 de decembro.

28-CONVOCATORIA DE ROLDA DE PRENSA 10/12/2006

Rolda de prensa celebrada en Vigo na que as voluntarias de IND presentaron a axenda do desenvolvemento de 2007, dedicada aos microcréditos, xunto coa nova liña de produtos solidarios de IND que incorporan á polba ienedeira como símbolo de IND.

29-NOTA DE PRENSA 13/12/2006

A nova axenda do desenvolvemento para o 2007, de Implicadas no desenvolvemento, xa está á venda dende esta mañá.

A ONGD galega aproveitou o acto de presentación para mostrar publicamente a súa nova liña de produtos solidarios

30-NOTA DE PRENSA 14/12/2006

Como anticipo ao Implícate deste sábado, Implicadas/os no desenvolvemento inaugura na Galería Sargadelos de Santiago, este venres ás 12, unha mostra sobre a explotación na industria téxtil

Os traballos que forman parte de 'Maquila Boutique' son obra dunha ducia de artistas plásticas galegas comprometidas co desenvolvemento

31-COMUNICADO DE PRENSA 19/12/2006

'Implicadas no Desenvolvemento' fai balance do 'Implícate, noite de música e palabra solidaria' celebrado o sábado e valora de xeito moi positivo a acollida social deste evento

Tralo evento, varias persoas decidiron pasarse ao compromiso activo e fixéronse voluntarias de IND

32-NOTA DE PRENSA 20/12/2006

Implicadas no desenvolvemento estrea nova imaxe representativa: a polba ienedeira

O nome da polba resultou escollido de entre todas as propostas realizadas polo público asistente ao Implícate o pasado sábado 16. A persoa que propuxo o nome seleccionado recibirá un lote de produtos ienedeiros como agradecemento pola súa colaboración

33-CONVOCATORIA DE ROLDA DE PRENSA 21/12/2006

Rolda de prensa para presentar en Compostela a exposición sobre a tsunami O son das buguinas, xunto co informe Karaikal no que IND dá conta das súas actuacións nesta zona do sueste da India desolada pola tsunami en 2004.

34-CONVOCATORIA DE ROLDA DE PRENSA 22/12/2006

Implicadas no desenvolvemento inaugurou hoxe a exposición O son das buguinas, coa que lembra a tsunami que arrasou o sueste asiático en 2004

Xerais está a piques de publicar un libro co mesmo título, editado por IND, e no que colaboraron coñecidas autoras/es galegas/os.

Publicidade

- Xestión da publicidade do Implícate na Mariña.
- Xestión da publicidade do Implícate 2 (Compostela).
- Xestión dos anuncios publicitarios para o Implícate na Mariña.
- Creación de banner para o Implícate na Mariña.

3.5. DESENVOLVEMENTO INTERNO E RELACIÓNS EXTERNAS

Nesta ano 2006, IND seguiu coa política de relacións con outras asociacións, organismos e institucións que recolle a súa planificación estratéxica no seu obxecto número 5:

Establecemento de redes con outros axentes sociais

Neste camiño xa iniciado por IND atopamos dous grupos ben definidos na nosa estratexia, por unha banda a alianza con Amarante no proxecto CRISOL e a pola outra a afinidade con outros grupos de ámbitos diferentes ao noso.

- Afianzamento do proxecto CRISOL: neste período concluírase a legalización do proxecto CRISOL como unha asociación entre Amarante e IND e dotarase de contidos entre os que estará a vinculación do labor de desenvolvemento de IND co obxectivo de Amarante de constituírse en distribuidora de comercio xusto. Formularase o afianzamento das actividades de sensibilización e presión política do centro de Vigo.
- Achegamento a grupos afíns: unha vez ao ano IND organizará unha actividade dirixida especificamente a algúns dos grupos afíns xa definidos. Estas actividades consistirán na organización de mesas redondas ou congresos nos que os dous entes implicados (ou máis) poidan reflexionar sobre o traballo común e establecer sinerxias (apoio de campañas, información compartida, etc).

A seguir, relatamos os contactos establecidos.

Contactos co Concello de Baiona

Tamén a través do Fondo Galego de Cooperación, o Concello de Baiona púxose en contacto con IND para manifestar o seu interese en realizar algún tipo de actividade conxunta e iniciar unha relación de colaboración máis permanente.

O día 5 de maio realizouse unha primeira xuntanza á que acudiron Ester Castro e máis Blanca Rodríguez, en representación de Implicadas, e máis a Concelleira de Xuventude e Educación e a Traballadora Social, pola parte do concello de Baiona. IND presentou as actividades que se podían realizar no Concello ou en calquera asociación do mesmo

(exposicións, relatorios, cine-fórum, Clubs de Cooperación, etc.) e as representantes do Concello estiveron especialmente interesadas nas seguintes:

- 1) Por unha banda, a implantación dos Clubs de Cooperación nos institutos baioneses para o curso 2006 / 2007.
- 2) Por outra banda, a realización de unhas xornadas similares ás realizadas en Sargadelos, que inclúsen as exposicións e algunha outra actividade, coma concursos de debuxo e poesía, cine-fórum, relatorios, recital de poesía, etc.

Ademais, coma primeira colaboración entre o concello e IND, convidouse á organización á clausura da exposición do Fondo Galego de Cooperación, que se atopaba nese momento no Concello de Baiona. Deste xeito, Implicadas tivo ocasión de presentarse á comunidade baionesa e de dar a coñecer o seu traballo e máis as iniciativas que, en colaboración co Concello, se pretendían levar a cabo nos vindeiros meses.

Tanto o Concello como as persoas asistentes ao acto amosaron moito interese nas actividade da organización e a mellor das vontades.

Asistencia á Asemblea Anual da Coordinadora Galega de ONGD.

A asemblea celebrouse no Pazo da Cultura de Pontevedra o día 3 de xuño as 11 horas e a ela asistiu Dolores Lamas, en representación de Implicadas/os No Desenvolvemento. Os puntos máis importantes da orde do día foron:

- 1.-Lectura e aprobación das actas anteriores. Acordase facer a aprobación na seguinte asemblea
- 2.- Información sobre as convocatorias da Xunta, e Caixa Galicia. Coméntouse sobre a posibilidade de facer presión a Caixanova pola falta de axudas a cooperación. Acordouse enviarlles unha carta e se non se produce ningunha reacción positiva, emitir unha nota de prensa.
- 3.-Falouse do seminario celebrado no balneario de Laias. Neste punto, IND pediu explicacións sobre a organización dun seminario sen contados formativos, cunha presenza mínima de ONGS e cun desembolso desorbitado para os resultados. Implicadas non participou porque foi convidada como asistente sen voz real. Neste punto

houbo representantes de organizacións que amosaron o seu parecer de que o seminario foi moi positivo e que se deberían repetir experiencias coma esta. Outras, en cambio pensan que o gasto non compensa os resultados obtidos.

4.- Fíxose a presentación de novas ONG que querían entrar a formar parte da Coordinadora e fíxose a correspondente votación, pasando a formar parte todas elas.

5. Acordouse que a cota do ano seguinte pasaría a ser de 150 €

Participación na redacción do II Plan Galego de Voluntariado

Implicadas/os No Desenvolvemento, representada por Blanca Rodríguez, participou ao longo dos meses de primavera, nunha serie de xuntanzas destinadas a asesorar á Xunta de Galicia na redacción do novo Plan de Voluntariado. A estas xuntanzas acudiron representantes dos diversos sectores relacionados co voluntariado, dende os Concellos ata as universidades, pasando por toda clase de organizacións (ambientais, de persoas con discapacidade, de mocidade, de cooperación ao desenvolvemento, etc). Por suposto, non faltaron representantes da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, incluído o seu Director Xeral, Rubén Cela.

Rinoceronte

En febreiro de 2006 Rinoceronte Editora chegou a un acordo con Implicadas/os no Desenvolvemento de cesión do 0.7 dos seus ingresos á organización. Esta é a primeira empresa coa que IND chega a un acordo semellante e polo tanto constitúe un fito no avance da nosa organización, considerando que temos condicións estritas de colaboración con empresas e que tamén resulta difícil atraer o apoio destas entidades privadas.

Presentación da proposta de traballo aos concellos do Fondo Galego na xuntanza da comisión de sensibilización do Fondo

O día 10 de febreiro IND participou en Santiago na xuntanza da comisión de sensibilización do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para presentar a súa proposta de actividades conxuntas ás técnicas e técnicos de diferentes concellos. Presentouse a posibilidade de mover as exposicións de IND e sobre todo a posibilidade

de poñer en marcha os Clubs de Cooperación en diferentes concellos de Galicia integrados nesta asociación.

Xuntanza con Leire Pajín

Como parte das actividades do Consello Galego de Cooperación María Reimóndez asistiu á xuntanza organizada pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior e a Secretaria Xeral de Cooperación do goberno estatal, Leire Pajín en Santiago o día 18 de abril. A xuntanza consistiu principalmente na presentación da política de cooperación estatal e non houbo demasiado interese por parte da Secretaria Xeral nas particularidades de Galicia e das organizacións que aquí traballamos.

Xuntanza con colectivos de a Mariña Luguesa

O día 7 de xuño celebrouse unha reunión na Galería Sargadelos con diferentes colectivos galegos (Servizo Galego de Igualdade, Marcha das Mulleres, Sindicato Labrego Galego, etc.) e coas integrantes do Instituto da Condição Feminina de Cabo Verde.

3.6 COOPERACIÓN

O ano 2006 foi o ano no que os dous proxectos piloto de IND en Etiopía chegaron á súa fase final, o que implicou unha visita de avaliación para analizar os esforzos e iniciativas que se levaron a cabo e propoñer novas colaboracións para o futuro coas nosas contrapartes.

Nesta mesma viaxe, a nosa presidenta, María Reimóndez e o fotógrafo Paco Vila (que xa colaborou desinteresadamente con IND en anteriores oportunidades) realizaron entrevistas á comunidade beneficiaria e recadaron material fotográfico e audiovisual para a realización do documental «Sementes», que sairá á luz o vindeiro ano 2007.

A seguir, presentamos os informes dos proxectos de IND no terreo.

Programa de desenvolvemento urbano en Tiruchy

O programa de Desenvolvemento Urbano en Tiruchy leva en funcionamento en colaboración con People's Development Initiatives (PDI) dende o 15 de setembro de 2003. O proxecto rematou o seu terceiro ano de funcionamento o 15 de setembro de 2006 e comeza agora o seu cuarto ano. Este informe proporciona a información detallada das actividades realizadas no período de outubro de 2005 a setembro de 2006.

1. PROGRAMA EDUCATIVO

1.1 Programa de clases de apoio

Neste ano as clases de apoio tiveron lugar en todos os suburbios do proxecto.

- Neste período beneficiáronse 260-300 nenas e nenos do programa de clases de apoio.
- As nenas en especial (media de 18 nenas fronte a 15 nenos) foron principais beneficiarias do proxecto.
- Como media 32 nenas e nenos asistiron de forma regular ás clases en cada suburbio.

1.2 Xuntanzas de familias e profesorado

Co fin de implicar ás familias na educación das súas fillas e fillos, organízanse de forma regular xuntanzas entre familias e profesorado nos suburbios. Durante o período do informe organizáronse ata 80 xuntanzas en 10 suburbios, cunha asistencia de 542 familias (homes 57, mulleres 485).

- As xuntanzas entre profesorado e familias facilitan o debate de temas relacionados coa educación de nenas e nenos.
- As xuntanzas tamén facilitan que as familias entendan e apoiem o proxecto.
- A asistencia de pais ás xuntanzas é aínda moi baixa pero o proxecto está facendo esforzos constantes para aumentar a implicación específica dos homes na educación de fillas e fillos.

1.3 Programa de educación non formal

O programa de educación non formal apoia ás persoas adultas, sobre todo mulleres, dos suburbios para que poidan aprender a ler e escribir en tamil. As animadoras adoitan

impartir as clases pola tarde cando as alumnas están relativamente libres despois de comer. Neste período participaron 84 persoas no programa, case todas mulleres.

1.4 Sarva Shikshana Abiyan (escolas de tránsito)

Este é un programa impulsado polo goberno central da India a través dos gobernos estatais que ten como obxectivo matricular nenas e nenos de entre 10 e 14 anos na escola formal despois de pasar un ano nunha escola de tránsito internos. Neste momento hai 8 nenos e 2 nenas na escola.

A escola que funcionaba en Beema Nagar pechou por falta de necesidade, o cal é un indicador claro do impacto do proxecto na redución do traballo infantil e o absentismo escolar.

O proxecto tamén puxo en marcha 14 escolas non internas na zona do proxecto en colaboración co Ministerio de educación. Estas escolas funcionan durante catro horas ao día. Hai 98 nenas e 75 nenos neste momento que asisten ás clases.

1.5 Clubs ambientais infantís

Neste ano celebráronse dúas xuntanzas de clubs ambientais infantís. Os temas tratados foron as enfermidades derivadas da contaminación de auga, terra ea ire como o tifo, a ictericia, diarrea, etc. Tamén as enfermidades provocadas por xermes, moscas ou mosquitos. Enfatizouse a necesidade de manter o entorno das casas limpo, utilizar latrinas para evitar enfermidades como a malaria e tamén a contaminación producida polo plástico e como reciclalo. O señor Rajashekhar, Enxeñeiro xefe da Xunta de Control da Contaminación de Pudukotai e o señor Nataraj, do club de ciencia de Tiruchy foron convidados como expertos para animar as xuntanzas. Asistiron 43 nenas e 37 nenos.

1.6 Campamento de verán

Organizouse un campamento de verán de tres días para as nenas e nenos das clases de apoio nos días 25 a 27 de maio de 2006 en Carmel Province, Ambedkar Nagar, Manikandam Union, Trichi. Asistiron 32 nenas e 19 nenos. No campamento aprenderon pintura, debuxo, canto e baile e fixéronse diferentes concursos. As expertas e expertos

convidados foron. Seetha, Secretaria do Foro da Ciencia de Tamil Nadu, Karumandapam, Trichy e o señor Raghavendra, profesor de debuxo.

1.7 Exames de educación non formal

Durante este ano organizáronse exames para 28 alumnas de educación non formal na oficina do proxecto.

7 alumnas completaron o terceiro ciclo e 21 o primeiro ciclo. No exame tiñan que escribir correctamente e realizar un ditado.

1.8 Clases de apoio para nenas/os que abandonaron a escola

Durante este período estivo en marcha unha clase de apoio para cinco nenas e cinco nenos que abandonaran a escola en 8º e 9º curso para que puidesen presentarse á reválida de 10º curso. As clases déronse na oficina do proxecto dende as 10 ata as 15.30 todos os días. A animadora Sathyavani, e a voluntaria e voluntario Jaibaby e Kunjammal impartiron as clases de diferentes materias.

1.9 Día Mundial do Entorno

O día mundial do entorno celebrouse o 10 de xuño de 2006 na escola de primaria de Kajapettai. Participaron mozas e mozos e alumnado das clases de apoio. Fíxose un concurso de debuxo e distribuíronse agasallos tales como táboas de xadrez, bolígrafos, dicionarios, caixas de xeometría e acuarelas. O director da escola foi a persoa encargada de distribuír os premios.

2. SAÚDE

Neste ano tanto a traballadora sanitaria comunitaria como as animadoras fixeron abondos esforzos para seguir mellorando o estado sanitario da comunidade. Este traballo incluíu a planificación familiar, atención pre e pos natal, programas de sensibilización e asistencia para as persoas con discapacidades na zona do proxecto.

2.1 Planificación familiar

Neste período as animadoras e a traballadora sanitaria identificaron 650 parellas en situación de aceptar plans de planificación familiar e as sensibilizaron sobre este tema.

403 parellas adoptaron métodos de planificación familiar temporais (preservativos, inxectables e D.I.U.) e 55 parellas adoptaron opcións cirúrxicas. Ata o momento (nos últimos tres anos) 145 familias adoptaron esta última opción na zona do proxecto grazas a este programa.

2.2 Programa de saúde reprodutiva

Durante este período realizáronse catro programas de sensibilización sobre saúde reprodutiva. Participaron 133 mulleres dos grupos. Identificáronse 10 persoas para derivación hospitalaria. A señora Uma, traballadora de base de PDI e a doutora Ezhilmathi do Army Hospital de KK Nagar, Tiruchy, foron as expertas que organizaron os programas.

2.3 Asistencia ás persoas con discapacidade

Durante este ano 63 persoas conseguiron a súa tarxeta identificativa e cartilla cos certificados de discapacidade do goberno de Tamil Nadu grazas á mediación do proxecto.

Ademais, 4 persoas recibiron zapatos ortopédicos e 2 persoas próteses de man do Adinath Jain Trust de Choolaimedu e unha persoa puido ser admitida nun fogar para persoas cegas en Tiruchy.

O señor Stephen Shayaraj de Bells Ground que padece discapacidade física solicitou pensión coa axuda do proxecto.

Dúas persoas, o señor Karthik de Ramamoorthy Nagar e o señor Beer Mohammed recibiron pase de bus gratuíto do goberno de Tamil Nadu.

2.4 Xuntaza das persoas con discapacidade

Organizouse unha xuntanza para persoas con discapacidade sobre os beneficios que podían obter das oficinas gobernamentais. O señor Kurunjimal, tesoureiro de PDI foi a persoa convidada a facilitar a xuntanza. Participaron 19 persoas con discapacidade.

2.5 Outras actividades sanitarias

O goberno de Tamil Nadu proporciona pastillas de ácido fólico para as rapazas que teñen entre trece e dezanove anos e as animadoras encargáronse de motivar a ese grupo a que recibise e tomase correctamente o suplemento. Durante este ano 230 rapazas adolescentes, 281 nenas e nenos e 253 persoas adultas se beneficiaron da distribución gratuíta de suplementos do goberno grazas ao proxecto.

Neste ano co traballo das animadoras e o voluntariado sanitario identificáronse 35 homes e 195 mulleres para tratamento ante distintas enfermidades (problemas dentais, ortopédicos, oculares, da pel e auditivos). Tamén se identificaron 89 mulleres que padecían ETSs e foron derivadas ao hospital para recibir tratamento.

2.6 Atención pre e posnatal

Neste ano 323 mulleres embarazadas e 423 mulleres que acabaran de parir foron identificadas polo persoal do proxecto para que completasen a súa vacinación. Vacináronse 638 mulleres.

2.7 Formación voluntariado sanitario comunitario

Organizouse un curso de formación do voluntariado sanitario comunitario na oficina do proxecto sobre a malaria, tuberculose, epilepsia, sarampelo, atención pre e posnatal e saúde xeral neste período. Asistiron 14 mulleres e 21 homes, as voluntarias e voluntarios sanitarios comunitarios. O señor Mathivanan de Chennai foi convidado como experto para facilitar o programa.

2.8 Xuntanza de voluntariado sanitario comunitario

Organizáronse dúas xuntanzas de voluntariado sanitario comunitario neste ano. Os temas tratados foron o VIH/SIDA, PPTCT e houbo un intercambio de experiencias. Nestas xuntanzas participaron 25 mulleres e 6 homes. Os temas tratados centráronse

tamén nos problemas e no papel e responsabilidades do voluntariado nos suburbios. A señora Sinduja, coordinadora do proxecto PPTCT de Tiruchy foi convidada como experta para facilitar o programa.

2.9 Campos sanitarios de saúde xeral

Organizáronse tres campos de revisión de saúde xeral durante este ano en colaboración co Child Jesus Hospital de Tiruchy. 185 nenas e 138 nenos e 322 mulleres e 68 homes recibiron atención médica nestes campos. Distribuíronse medicamentos gratuítos nos campos sanitarios, fixéronse análises de tensión arterial e azucre nos campos. Dez persoas (2 para otorrinolaringoloxía, 4 por problemas oculares e 4 por problemas gástricos) foron derivadas ao hospital governamental para recibir tratamento. O doutor Rangaswamy e a doutora Ezhilmathi do Army Hospital foron as persoas encargadas dos campos.

2.10 Campos sanitarios de desintoxicación

Organizáronse dous campos sanitarios de desintoxicación sobre o alcoholismo, drogas e tabaco e os seus efectos na saúde. O señor Diaz, Ashok Kumar e a señora Jhansi de SOC-SEAD, centro de desintoxicación de Tiruchy foron as encargadas de conducir o programa. 83 homes e 47 mulleres asistiron ao programa.

2.11 Campo ocular

O campo ocular levouse a cabo en colaboración co Mahatma Eye Hospital de Tiruchy o 26 de outubro de 2006. 90 mulleres, 17 homes e 21 nenas foron inspeccionadas polo equipo médico e nove mulleres foron operadas de cataratas. 18 mulleres recibiron lentes gratuítos. A doutora Meena Kumari foi a encargada do campo. Distribuíronse medicamentos gratuítos.

3. EMPODERAMENTO DAS MULLERES E SENSIBILIZACIÓN DE XÉNERO

3.1 Apoio psicolóxico e asesoramento

Neste período 48 familias utilizaron este servizo para solucionar diversos tipos de problemas.

3.2 Día internacional das mulleres: 8 de Marzo de 2006

O día 8 de marzo celebrouse en toda a zona do proxecto. Participaron 389 mulleres de 53 grupos de aforro. Fixéronse diversas actividades ao longo do día.

3.3 Formación de voluntariado de xénero

Neste ano organizouse un curso de formación de tres días sobre temas de xénero. A señora Uma, traballadora de base de PDI e a señora Kunjamal, profesora da escola universitaria Rajah de Pudukottai e a señora Padma do TNSACS, de Chennai e a doutora Manimekalai da Bharathidasan University foron as expertas convidadas. Asistiron 56 mulleres e 39 homes (95 persoas). O tema central foi a igualdade de xénero.

3.4 Xuntanza de voluntariado de xénero para mulleres

Organizouse unha xornada exclusiva para as mulleres sobre participación comunitaria en C Block, Koradanthopu. Asistiron 37 voluntarias. A encargada de facilitar a sesión foi a señora Uma, traballadora de base de PDI.

3.5 Formación sobre xénero para as mulleres dos grupos e mocidade

Organizouse un día de formación sobre cuestións de xénero na escola de infantil de Ramamoorthy Nagar o 27 de xullo de 2006 para falar sobre igualdade no acceso ao alimento, vestimenta e estatus económico das mulleres e os seus dereitos. A señora Jayalakshmi, coordinadora de xénero do proxecto foi a encargada de organizar a formación con estudos de caso e debates en grupo. Participaron 30 mulleres neste curso.

Organizouse un día de formación para a mocidade integrante dos grupos sobre igualdade de xénero e o papel da comunidade na superación da discriminación das mulleres e mozas. O señor Nataraj, asesor e membro de club de ciencia de Tiruchy organizou a formación. 12 mozas e 10 mozos participaron nesta formación.

Organizáronse cursos de formación de dous días sobre temas de xénero o día 22 de xuño e o 29 de xuño en SRA Trust de Tiruchy e en Karur Anna Nagar. A señora Bobby foi a encargada de facilitar o debate. Participaron 55 integrantes nos grupos de aforro.

3.6 Xuntanza de voluntariado de xénero

Organizouse un día de formación sobre os papeis e responsabilidades do voluntariado de xénero na oficina do proxecto o día 17 de agosto de 2006. participaron 12 mulleres e un home. A señora Subha, docente do Centro de Estudos das Mulleres da Universidade Bharathidasan de Tiruchy foi a encargada de facilitar a formación.

4. ORGANIZACIÓN COMUNITARIA

4.1 Clubs de mocidade

O proxecto ten en marcha grupos de mocidade para levar adiante actividades nos suburbios, sobre todo de tipo ambiental e de xénero. Formáronse 7 grupos ata o momento.

4.2 Xuntanza de voluntariado de xénero entre a mocidade

O día 29 de novembro de 2005 organizouse unha xuntanza de voluntariado de xénero para rapaces en Kajapettai coa colaboración da comunidade. 27 voluntarios participaron nesta xuntanza que pretendía visibiliza o seu papel de xénero como homes na sociedade e as vías de cambio necesarias para chegar a unha igualdade entre homes e mulleres. A señora Uma, traballadora de base de PDI, foi a encargada de conducir a sesión.

4.3 Formación sobre xestión dos clubs

Organizouse un programa de formación para a mocidade na zona do proxecto sobre como organizar os grupos, o papel e responsabilidades e actividades dos grupos de mocidade. Asistiron 14 representantes e o curso foi impartido por Rebeca, traballadora social do proxecto e a señora Jayalakshmi, coordinadora de xénero de PDI.

4.4 Grupos de aforro e crédito

A formación e o mantemento de grupos de aforro e crédito entre as mulleres é un dos compoñentes principais deste proxecto. As animadoras, coa axuda da traballadora social, son as encargadas de formar os grupos. As animadoras axudan a organizar as xuntanzas mensuais de forma regular e axudan ás mulleres a manter os rexistros e actas apropiadas. Neste ano formáronse 6 novos grupos con 84 novas integrantes. Ata este momento hai en funcionamento 97 grupos de mulleres cun total de 1671 membros. Ata o momento puideron mobilizar un aforro total de 30.344,83 (Aforro: 22.427,48; Subscrición 1879,28; Interese: 6038,06; Gastos: 1582,04). Entre as integrantes rotaron un crédito

23.565,28 mentres que a cantidade restante está neste momento depositada no banco. A traballadora social ten a responsabilidade de formar novos grupos e axudar nas xuntanzas. As integrantes dos grupos acceden así a microcrédito para poñer en marcha actividades de xeración de ingresos e tamén para cubrir as súas necesidades de saúde e educación co seu fondo de aforro.

No anexo presentamos a información concreta do estado do aforro e crédito destes grupos.

4.5 Vínculo bancario

Ata o momento 9 grupos conseguiron acceder a crédito bancario grazas ao o Plan de vínculo bancario e co apoio do persoal do proxecto. Ata o momento 3 deles xa devolveron o crédito cos intereses. A continuación presentamos os datos correspondentes a esta actividade. O vínculo bancario garante a cobertura de maiores necesidades de capital por parte das integrantes dos grupos dunha maneira perdurable e independente.

Tres grupos puideron acceder ao programa THADCO. Este é un programa governamental para proporcionar apoio a aquelas persoas que pertencen a castas intocables. Grazas a este programa os grupos poden acceder a 170 euros de fondo rotatorio sen interese. O fondo pode rotarse durante tres anos e logo o grupo ten que devolveo a THADCO.

4.6 Xuntanza das directivas dos grupos e formación de integrantes de grupos de aforro

Neste ano organizáronse diferentes xuntanzas de todas as directivas dos grupos para falar da perdurabilidade dos grupos e dos servizos de crédito bancario para os grupos co programa de vínculo bancario. Na última xuntanza do ano participaron 76 integrantes das directivas. A señora Uma, traballadora de base, Rebeca, traballadora social e Jeyalakshmi, coordinadora de xénero de PDI foron as encargadas de facilitar a xuntanza.

O día 24 de xuño de 2006 organizouse unha xuntanza sobre o que son os grupos, regulamento e estatutos, responsabilidades das directivas e mantemento de rexistros para as xuntas directivas de grupos de nova creación na oficina do proxecto. A señora

Jeyalakshmi foi a encargada de levar adiante a xuntanza. Asistiron 58 membros de xuntas directivas.

O 28 de febreiro de 2006 organizouse un programa sobre liderado para as novas integrantes de grupos de aforro no Hotel Ramya. A señora Lovelina Little Flower, profesora da escola universitaria Cauvery College foi a persoa encargada de facilitar o programa. Asistiron 25 integrantes dos grupos.

Organizouse un programa de tres días de formación para novos grupos de aforro sobre o concepto do grupo de aforro, regulamento e estatutos, mantemento de actas en colaboración coa corporación de Tamil Nadu para o Desenvolvemento das Mulleres de Tiruchy. A señora Jeyalakshmi foi a encargada de impartir o curso. Asistiron 34 integrantes dos grupos.

Organizouse un día de formación para as novas integrantes dos grupos na oficina de PDI sobre o empoderamento das mulleres a través dos grupos de aforro e a desigualdade de xénero. A poeta e activista social Salma Rokhaya Malik de Marungapuri, Tiruchy, foi a persoa encargada de realizar este curso.

Ademais, neste ano organizáronse 25 cursos formativos coa Corporación de Tamil Nadu para o Desenvolvemento das Mulleres de Tiruchy sobre o que son os grupo sde aforro, mantemento de actas, etc. Estes cursos foron organizados para 25 grupos entre o 09/01/06 e o 23/02/06. Participaron 501 mulleres e a señora Jeyalakshmi foi a encargada de impartir os cursos.

Durante este ano organizáronse tres cursos máis en colaboración coa Corporación de Tamil Nadu para o Desenvolvemento das Mulleres de Tiruchy sobre os mesmos temas antes mencionados para 34 grupos máis. Participaron 651 mulleres e a señora Jeyalakshmi foi a encargada de impartir os cursos.

4.7 Formación conxunta para as animadoras e as integrantes dos grupos

Organizáronse dous cursos de formación de tres días na oficina do proxecto sobre mantemento de actas e contabilidade dos grupos para as animadoras e as directivas. Nestes cursos tamén se introduciron aspectos relacionados coas actividades de xeración

de ingresos, os programas gobernamentais para grupos de aforro, como levar as contas bancarias, etc. A señora Jeyalakshmi, asesora de xénero do proxecto, foi a encargada do programa. Asistiron 50 mulleres das directivas e 8 animadoras.

Máis adiante organizouse outra xuntanza de tres días na oficina do proxecto cos mesmos obxectivos na que participaron 98 mulleres e 8 animadoras.

4.8 Programa de desenvolvemento empresarial

Organizouse un curso de sensibilización de sete días sobre desenvolvemento empresarial coa Corporación de Tamil Nadu para o Desenvolvemento das Mulleres no Indira Gandhi College de Tiruchy. O curso tratou o desenvolvemento empresarial arredor de actividades como costura, fabricación de incienso e de conservas e outros produtos e a súa comercialización. 54 mulleres participaron neste curso.

Nove mulleres decidiron asociarse á Asociación de Tiruchy de Pequenas Empresas e participaron na feira de produtos organizada por esta institución.

Cinco integrantes dos grupos participaron nun programa de formación de un mes en elaboración de bolsas, carteiras, correas, e outros produtos de coiro organizado pola Corporación de Tamil Nadu para o Desenvolvemento das Mulleres na Kajamali Ladies Association de Tiruchy. O señor Musthafa foi o encargado de impartir o curso.

5. PROGRAMA DE XERACIÓN DE INGRESOS E CAPACITACIÓN

Durante este ano fíxose especial fincapé na capacitación das mulleres pertencentes aos grupos de aforro para mellorar o seu nivel económico e reforzar os grupos. Organizáronse diversas actividades formativas.

5.1 Preparación de especias

Organizouse un curso de quince días no Jhan Shiikshan Sansthan de Tiruchy sobre produtos preparados con especias como preparado para *sambar*, *idli* e *jamoona*. Participaron 3 mulleres.

5.2 Horto de plantas medicinais:

En colaboración coa Bharathidasan University de Tiruchy organizouse un curso de un día sobre cultivo de plantas medicinais na zona do proxecto e a importancia, uso e necesidade e comercialización destas plantas como actividade económica.

5.3 Elaboración de compresas

Organizouse un curso de dous días de formación sobre elaboración de compresas na oficina do proxecto. Asistiron 10 mulleres e o curso foi impartido polo señor Ramesh Kumar, consultor de Tiruchy.

5.4 Bordado

Organizouse un día de formación en bordado en Mahalakshmpuram. A señora Jasmin, presidenta do grupo de aforro Nail Nadi de Katur organizou o programa. Participaron 5 membros no curso.

5.5 Elaboración de bolsas de la e elementos decorativos

Organizouse un curso de formación de dous días sobre elaboración de bolsas e outros elementos decorativos de la entre o 11 e o 13 de abril de 2006 na oficina do proxecto. A señora Radha, do grupo Vinmeen de Mahalakshmpuram organizou a formación. Participaron 17 integrantes dos grupos.

5.6 Fabricación de desinfectante

Organizouse un día de formación sobre desinfectante, aceite de xabón e líquido para as integrantes dos grupos o día 29/4/2006 na oficina do proxecto. Participaron 14 integrantes. O señor Shanmugam, Jan Shikshan Sansthan de Tiruchy foi o instrutor.

5.7 Elaboración de felpudos

Organizouse un día de formación sobre a preparación de felpudos usando roupa vella e vimbio o 29/8/2006 na oficina de PDI. A señora Hemalatha impartiu o curso. Participaron 8 membros de distintos grupos.

5.8 Formación en elaboración de incenso

Organizouse un día de formación sobre fabricación de incenso o 7/9/06 na oficina do proxecto. Participaron 17 mulleres no curso. O señor Shanmugam, asesor de Tiruchy, foi o encargado de impartilo.

5.9 Fabricación de incenso anti-mosquito

Organizouse un día de formación sobre fabricación de incenso anti-mosquito. O señor Ramesh Kumar, asesor, foi o encargado da formación. Participaron 8 mulleres neste curso.

5.10 Apoio á xeración de ingresos

Neste período o proxecto apoiou a 24 mulleres para que puxesen en marcha diferentes actividades de xeración de ingresos tales como tenda de venda de peixes de acuario, tendas de comestibles, venda de teas, restaurantes e reparación mecánica para mellorar os seus ingresos (véxanse detalles no anexo).

6. XESTIÓN

A estrutura actual do proxecto inclúe 10 animadoras, unha coordinadora, unha traballadora social, unha coordinadora de xénero, unha traballadora sanitaria e unha contable. En total temos 14 traballadoras. O proxecto é coordinado e supervisado polo director de PDI.

7. FORMACIÓN DO PERSOAL

Organizouse un día de formación sobre os grupos de aforro para as 10 animadoras do proxecto por parte da coordinadora de xénero, Jeyalakshmi.

Proxecto de recuperación e desenvolvemento en Karaikal

Programa de clases de apoio

En abril do 2005, a continuación das actividades de emerxencia, iniciáronse as clases de apoio nas vilas. Foron ben recibidas polas comunidades, que comezaron a enviar a un número significativo de nenas/os aos centros, malia a distribución de agasallos por outras ONG. As animadoras atópanse nos centros para atender á comunidade pola tarde, de 17.30 a 20.00. As nenas/os fan os deberes da escola e aclaran as súas dúbidas.

Debido á falta de lugares axeitados, o proxecto construíu cabanas con teito de palla en todas as aldeas. Nas fins de semana, ofrecéronse suplementos nutricionais, como *dhal* (lentellas).

Proporcionáronse materiais de xogo ás/aos nenas/os e se lles animou a xogar antes de poñerse a estudar.

Puxéronse notas nos exercicios de caligrafía, para promover a mellora nas súas capacidades.

Xuntanzas de proxenitores e profesorado

As animadoras e os proxenitores coñécense nas xuntanzas e tratan os temas relativos aos estudos das/os nenas/os. Entre decembro do 2005 e novembro do 2006 celebráronse 83 xuntanzas nas 13 vilas. O persoal do programa organiza a xuntanza na propia vila e dá aos proxenitores a oportunidade de intercambiar opinións. Ademais dos problemas específicos de cada caso, nas xuntanzas discutíronse os seguintes puntos:

- Pedíuselle aos proxenitores que levasen ás/aos nenas/os as clases á hora.
- Pedíuselles aos proxenitores que colaborasen máis nas probas realizadas polas animadoras, preparando á/aos nenas/os para que as escriban correctamente.
- Proxenitores e animadoras decidiron o tempo asignado para que as/os nenas/os fagan os deberes que lles poñen na escola.
- Pedíuselles aos proxenitores que coidasen a hixiene das/os nenas/os.
- Informouse aos proxenitores de que poden ir falar coas animadoras sobre os progresos das/os fillas/os sempre que o desexen, sen ter que agradar a que se celebre unha xuntanza

- Tamén se falou da planificación dos campos sanitarios, os campamentos de verán e os cursos de artesanía.

Consellos Infantís de Goberno

Para que as/os nenas/os crezan co dereito ao autogoberno dende a infancia, formáronse os Consellos Infantís de Goberno en tódalas aldeas. Orientouse ás/aos nenas/os nas súas funcións nos consellos, e elas/es mesmas/os esbozaron os seus papeis por medio de un proceso de grupo.

Formouse un grupo cultural integrado por nenas/os no que se lles aprenderon contos e cancións sobre temas ambientais e do seu entorno, sobre todo contra a dote e o alcoholismo. Durante o período que comprende este informe, leváronse a cabo programas culturais nas aldeas. As/Os proxenitoras/es e as/os líderes comunitarias/os ampliaron a súa cooperación para organizar todos estes programas.

Estableceuse unha pequena biblioteca local para cada vila e os libros están xa circulando entre as/os nenas/os.

Organizáronse competicións deportivas en cada aldea e animouse ás/aos nenas/os a mellorar as súas capacidades.

As/os integrantes dos Consellos Infantís de Goberno participaron na plantación de árbores nas súas vilas. As sementes para esta actividade foron proporcionadas polo goberno.

As/os nenos tiveron a oportunidade de asistir a diferentes campos de formación organizados polo proxecto, e que tiveron unha excelente acollida.

Educación non formal para mulleres

Realizouse un estudo para calcular o número de analfabetas e organizar un programa de alfabetización. Identificáronse 393 mulleres nas 13 vilas, ás que se animou a apuntarse ao programa. A meirande parte delas dixo que non tiñan tempo que perder, sen embargo, as animadoras perseveraron e conseguiron que se inscribisen 320. Como non hai ensino regulado para persoas adultas, as animadoras comezaron aprendéndolles a

escribir os seus nomes e máis os das persoas da súa familia. Das 320 participantes, 160 asistiron ás clases con regularidade.

Iniciativas sanitarias para mulleres e nenos/os

O proxecto iniciou diferentes actividades para a promoción da saúde. O proxecto colaborou co Hospital e Escola Médica da Misión Vinayaka para organizar campos sanitarios para a infancia. As persoas ás que se lles identificou un problema máis grave foron derivadas aos hospitais. Durante o tempo que comprende este informe, organizáronse oito campos, dos que se beneficiaron 274 persoas, das que 20 recibiron tratamento posterior. Na seguinte táboa se recollen polo miúdo os datos dos campos sanitarios nas vilas.

A traballadora social e máis as animadoras traballan coas nais antes e despois do parto para animalas a recibir inmunización periódica. Nas seguintes táboas recóllense polo miúdo as interaccións coas nais na fase pre e post natal.

Grupos de autoaxuda para mulleres

O proxecto considera que o punto máis importante de todo o traballo de desenvolvemento é o proceso de incorporación das mulleres en todos os ámbitos da sociedade; por iso habilita programas como o dos grupos de autoaxuda, cursos de formación e axuda ás futuras xeracións para conseguir a emancipación da muller no ámbito familiar e social. Ata o de agora, o proxecto xa creou vinteun grupos con 351 mulleres. As representantes e animadoras dos grupos están formadas e capacitadas para dirixilos.

Sen embargo, son as animadoras do proxecto e o persoal do programa quen fan posible as súas xuntanzas mensuais.

Programas de formación e capacitación para mulleres

Desde os inicios do proxecto, PDI e IND desenvolven iniciativas para o empoderamento da muller a través destes programas de formación. O proxecto tamén axuda ás mulleres a iniciar os seus negocios mediante asesoramento financeiro. Entre decembro de 2005 e novembro de 2006, as mulleres recibiron formación en diferentes campos. 19 delas recibiron axuda económica para iniciar os seus negocios. A táboa seguinte amosa os

datos dos programas de formación e capacitación que se realizaron entre novembro de 2005 e decembro de 2006.

Centros de corte e confección

Algunhas mulleres dixeron que lles gustaría aprender a confeccionar roupa, porque así poderían facer o seu traballo de modistas na casa. Para cubrir esta necesidade, se abriron tres centros de costura en diferentes vilas nos que se impartirá un programa de formación de seis meses de duración. Ao acabar este período, os centros trasladaranse a outras vilas. A seguinte táboa amosa os datos dos centros de confección:

Centro de informática

Na propia oficina foise creando un centro para aprender informática. A mocidade é a principal beneficiaria deste programa. Organízase un curso de seis meses de duración, dividido en sete quendas de cinco estudantes que reciben clases diarias. Téntase, ademais, animar ás mulleres dos grupos e ás/aos súas/seus fillas/os a participar no programa. Actualmente (novembro 2006), hai 35 persoas asistindo ás clases. En setembro de 2005, María Reimondez, a presidenta de Implicadas, foi a encargada de outorgar os certificados do curso ás persoas que o finalizaron.

A federación de grupos

A finais do primeiro ano, os Grupos de Autoaxuda uníronse nun foro común co nome de Mother Theresa Pengal Kootamaippu. Todas as mulleres que pertencen aos grupos optan a seren integrantes desta federación. O ano pasado, foron as propias integrantes as que elixiron ás responsables da oficina da federación. No día 5 de cada mes, estas representantes realizan unha xuntanza para debateren os asuntos máis importantes dos grupos e nelas distribúen os préstamos ás integrantes seleccionadas.

O 8 de marzo 2006, as integrantes da federación organizaron unha manifestación e un encontro. Neste último foi analizada a situación actual das mulleres a nivel mundial. Convidouse a algunhas representantes do movemento feminista para dirixir a xuntanza. A seguinte táboa dámos os datos das mulleres que se beneficiaron dos préstamos da federación.

Servizo de Asesoramento

O impacto que a tsunami causou na poboación non é posible describilo con palabras. Afectou, especialmente, ás mulleres que perderon os seus descendentes ou ascendentes, provocándolles depresións e diversos traumas.

As conselleiras do proxecto ofrecen axuda regular ás persoas afectadas. Durante este período, tamén se comezou a ofrecer apoio para outro tipo de problemas non derivados directamente da tsunami. 367 clientes utilizaron estes servizos entre decembro de 2005 e novembro de 2006. Na seguinte táboa preséntase a distribución por idades das persoas beneficiarias deste proxecto.

A seguir, cítanse os problemas mais importantes que se trataron nas sesións de axuda:

- A perda da parella, proxenitores, menores e amizades na tsunami. Basicamente, é o asunto que máis afecta ás persoas.
- temor a outra tsunami. A maioría da poboación, incluídas as crianzas, teme un tsunami nun futuro próximo
- Os viúvos que perderon as súas mulleres volveron casar, mais non se fan cargo da descendencia da súa esposa falecida.
- sufrimento das viúvas pola perda dos seus homes. Non só provoca problemas emocionais, tamén pon en perigo a súa situación económica.
- A mulleres sofren as consecuencias do alcoholismo do seus homes.
- comportamento anormal dos maridos.

Programas para sensibilización da igualdade de xénero

PDI acha que só a igualdade de xénero pode liberar á muller de todas as situacións de inferioridade. PDI esfórzase por impulsar actividades relacionadas coa igualdade de xénero en todos os seus programas

Para comezar, organizouse un programa do que forman parte 13 persoas para sensibilizar a poboación sobre este tema.

As animadoras, xunto coas traballadoras sociais, promoveron e impulsaron a creación de voluntariado para a igualdade de xénero na comunidade. Formáronse 4 homes e 12 mulleres, que xa comezaron a súa actividade nas súas respectivas aldeas.

Entre decembro de 2005 e novembro de 2006, organizáronse 3 programas para a sensibilización sobre a igualdade de xénero.

Empoderamento de mulleres cabeza de familia, Addis Abdis Ababa

Etiopía conta cun grande número de nenas e nenos que padecen a pobreza e o analfabetismo en formas extremas, que padecen e morren de enfermidades curables, que non teñen acceso á educación e traballan en situacións perigosas, que están expostas/os a abuso físico e sexual, que son vítimas de trata ou que quedan orfas/os ou están infectadas/os polo VIH/SIDA.

As nenas e nenos poden verse separadas e afastadas da súa familia debido a diferentes razóns. Ademais da súa inmadureza mental e física, estas nenas e nenos son moi vulnerables a todo tipo de abuso. Estas nenas e nenos, debido á pobreza e ao descoñecemento dos seus dereitos mínimos adoitan rematar nas rúas das cidades en situación de abandono absoluto.

Aínda que todos os meniños e meniñas da rúa son vulnerables debido aos problemas psicosociais e económicos da vida na rúa, as nenas padecen aínda problemas moito máis graves derivados da discriminación de xénero. Son obxecto de diferentes tipos de abuso físico, emocional, psicolóxico, social e económico e sobre todo son vítimas de explotación sexual.

Perfil da organización local

A Organización para a Prevención, Rehabilitación e Integración das Nenas da Rúa /OPRIFS/ é unha organización non governamental etíope fundada para solventar a tremenda traxedia das meniñas da rúa en Addis Ababa.

A visión de OPRIFS é conseguir que as nenas poidan exercer os seus dereitos libremente.

A nosa misión é mellorar o nivel de vida das meniñas da rúa a través de intervencións no campo da prevención, rehabilitación e integración das nenas.

Desde que OPRIFS comezou a traballar en 2000, tivo un papel fundamental no servizo ás nenas da rúa que definimos como “meniñas que traballan na rúa” e que son vulnerables ao abuso e explotación sexual e “meniñas da rúa” que son aquelas expostas a abuso e explotación sexual e que levan pouco tempo vivindo na rúa debido a diferentes causas entre as que destacan as violacións intrafamiliares e outro tipo de abusos físicos e emocionais. Os servizos que proporciona OPRIFS integran a prevención a rehabilitación e a reintegración das nenas.

Para conseguir este obxectivo a organización traballa de xeito moi próximo ás institucións gobernamentais implicadas no problema e con organizacións internacionais que traballan tamén neste campo.

Xustificación do proxecto

Nun contexto xeral de oportunidades limitadas e desigualdade de xénero, a maioría das mulleres con baixo nivel de recursos de Addis Ababa tenden a centrarse en actividades económicas de baixo retorno. Isto, unido a outros factores relacionados coa pobreza, o desemprego, a dependencia e o acceso moi limitado a recursos e bens produtivos fai que estas mulleres vivan en condicións de vida moi precarias. A situación nas zonas seleccionadas é aínda peor cá media. Os problemas principais da zona de traballo son, ademais destes, o grande tamaño das familias, a vida na rúa, o desemprego, a criminalidade infantil e a falla de acceso a recursos públicos.

O obxectivo do proxecto *Empoderamento de Mulleres Cabeza de Familia* foi ter un impacto positivo na vida tanto produtiva como reprodutiva das mulleres. Os aspectos principais da intervención centráronse en crear empoderamento económico e social para as mulleres cabeza de familia e mais de nenas da rúa. Un dos compoñentes máis

importantes do proxecto foi vincular o grupo obxectivo cunha institución especializada en microcrédito.

Obxectivo do proxecto

O obxectivo xeral do proxecto é crear un entorno familiar e comunitario onde se fomenten os dereitos das mulleres e das nenas. Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Mellorar o empoderamento socio económico das mulleres cabeza de familia mais de nenas da rúa;
- Crear acceso a servizos de crédito e aforro especializados para as mulleres traballadoras e
- Integrar temas transversais como a sensibilización sobre os dereitos das nenas e mulleres e a prevención do VIH/SIDA.

Actividades Realizadas

De seguido mencionamos as actividades que se puxeron en marcha para conseguir os devanditos obxectivos:

- Orientación xeral sobre aforro e crédito para as mulleres cabeza de familia mais de nenas da rúa coas que OPRIFS tamén traballa.
- As beneficiarias rexistráronse en decembro de 2004 para a primeira fase de formación.
- En canto á busca dunha institución de microcrédito, OPRIFS estudou diferentes institucións e comparou as súas políticas e procedementos. Escolleuse finalmente a institución Gasha. Asinouse un acordo para que a institución proporcionase servizos de aforro e crédito ás beneficiarias a partir do 31 de decembro de 2004. cómpre recordar que en Etiopía as ONGS non están autorizadas polo goberno a xestionar directamente programas de microcrédito e polo tanto teñen que ser estas institucións as encargadas.
- 38 beneficiarias que pasaron o proceso de selección de OPRIFS e Gasha asistiron a unha formación sobre capacidades empresariais básicas durante dez días. Os temas tratados incluíron: como facer crecer un negocio, como crecer nun entorno empresarial, como coñecer as necesidades dos clientes, que preciso para expandir o negocio, plans de negocio, xestión empresarial, etc. A formación centrouse en sistemas prácticos e operativos. O obxectivo era dar ás

participantes un coñecemento básico e unha exposición ademais da oportunidade de compartir experiencias. Ao final de cada módulo as participantes tiñan a oportunidade de facer preguntas e comentar as súas ideas e experiencias. Ademais tamén se lles presentaban estudos de caso que debían debater en grupo e proporcionar solucións aos problemas presentados.

- En xaneiro de 2005 distribuíuse unha cantidade de 20.000 birr (1.884 euros) ás beneficiarias.
- As actividades principais derivadas deste programa son a soldadura, transformación de alimentos, bordado, pequeno comercio, beberaxes, comercio de cereal, etc..
- Tanto OPRIFS como Gasha fixeron a supervisión dos negocios comezados.
- As participantes no programa asistiron a un obradoiro para sensibilizar sobre os dereitos das nenas e o abuso que poden padecer.
- En abril de 2005 novemente as familias recibiron información sobre crédito e puideron inscribirse novamente en formación.
- A orientación xeral correu a cargo do persoal de OPRIFS
- Despois desta orientación xeral, 21 mulleres se inscribiron no programa de crédito.
- Para estas novas participantes houbo un novo proceso de seguemento por parte do persoal de base de OPRIFS.
- 21 beneficiarias máis foron seleccionadas para asisitri a un novo curso de formación sobre capacidades empresariais básicas durante dez días.
- Neste novo curso participaron tamén beneficiarias do primeiro grupo como repaso, o que fixo un total de 38 participantes. As do primeiro grupo centráronse máis na avaliación do traballo feito ata o momento e das súas necesidades de apoio para mellorar a súa situación económica aínda máis e facer perdurable as actividades económicas.
- A final de 2005 as novas beneficiarias comezaron a recibir o crédito. Malia a que estaba previsto que esta fase se dese en 2005 debido á grave situación política do país nos meses posteriores ás eleccións de maio foi imposible comezar o programa (altercados, cargas policiais e declaración do estado de sitio durante dous meses).

- Organizáronse unhas novas xornadas de sensibilización sobre dereitos dos mulleres e nenas, VIH e planificación familiar orientadas a diferentes grupos da comunidade. Ademais tamén se fixo unha xornada de sensibilización sobre hixiene persoal, saúde reprodutiva e saúde preventiva que correu a cargo dunha profesional sanitaria.

Recursos utilizados

Os recursos destinados por parte de IMPLICADAS/OS DESENVOLVEMENTO para a aplicación deste proxecto foron EUR 4.039.05 ou 34.827.67 Birr.

Cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Mellorouse a condición socio económica de 38 mulleres cabeza de familia a través das seguintes intervencións:
 - Seleccionáronse 38 fogares baseándonos no tamaño da familia, experiencia empresarial previa, mentalidade proactiva, dispoñibilidade para comezar un pequeno negocio.
 - Formáronse 38 mulleres en capacitación empresarial básica.
 - 38 mulleres recibiron un curso de actualización sobre capacitación empresarial.
 - 38 mulleres prepararon un plan de negocio sólido.
 - 38 asistiron aos obradoiros organizados sobre dereitos das mulleres e nenas, VIH, planificación familiar e educación sanitaria.
 - As mulleres que asistiron á formación demostraron mellorar tamén a situación das nenas de maneira preventiva porque a mellora da súa situación evitou que estas teñan que pedir esmola ou traballar na rúa.
- Proporcionouse acceso a aforro e crédito para as mulleres traballadoras.
 - Seleccionouse unha institución de micro crédito denominada Gasha debido ao axeitado do seu funcionamento.
 - Asinouse un acordo entre a institución e OPRIFS
 - Formouse unha federación cos grupos creados.
 - Todas as integrantes dos grupos comezaron o programa de aforro e imprimíranse 38 cadernos de aforro.
 - Identificáronse as beneficiarias individuais e distribuíronse préstamos.

Problemas atopados

Os problemas que apareceron na aplicación do proxecto son os seguintes:

- En calquera programa de aforro e crédito os impagamentos son o problema principal. As propias mulleres tiveron que afrontar situacións difíciles dado que os seus clientes non sempre pagan pero aínda así foron capaces de cumprir coa devolución dos créditos, grazas a un seguimento estreito por parte de OPRIFS e do nivel de confianza establecido coas beneficiarias.
- Debido á situación política do país, non se puideron realizar reunións sen aprobación do goberno e tampouco os negocios puideron funcionar correctamente durante varios meses. As beneficiarias dos programas de crédito tiveron que pechar os negocios durante certo tempo. Todos estes obstáculos atrasaron a aplicación do programa. Porén, na actualidade a situación vaise restituíndo e pódense celebrar reunións de novo e tamén volver ao traballo con certa normalidade.
- A falta de persoal especializado no campo empresarial tamén dificultou a aplicación do programa. A motivación e o deseño de plans de negocio funcionan mellor sempre con asesoramento profesional. Isto podería mellorarse no futuro xa que o proxecto, á parte dos cursos e da colaboración coa institución financeira, funcionou da man das traballadoras de base. No futuro gustaríanos contratar a unha persoa cun perfil máis específico.

Perdurabilidade

En canto á perdurabilidade do proxecto, este foi deseñado co apoio das beneficiarias para promover un cambio a longo prazo tanto desde o punto de vista social como económico.

Dado que o enfoque do proxecto consiste en minimizar a discriminación de xénero e maximizar as oportunidades das mulleres, o programa creou un trasfondo para que as beneficiarias poidan continuar avanzando no futuro. Instaurou o hábito de aforro nas familias e ademais o fondo rotatorio asegura que as beneficiarias poidan seguir accedendo a crédito sempre e cando devolvan correctamente as cantidades que tomaron emprestadas.

Para maximizar os resultados do proxecto utilizouse un enfoque de busca de colaboracións con outras entidades. O proxecto conseguiu converterse nun vehículo de

cambio para a comunidade e para o empoderamento socio económico das mulleres. A intervención podería ser ampliada xa que hai campo para continuar avanzando agora que esta base sólida está establecida co grupo obxectivo.

Proxecto de xeración de ingresos e capacitación comunitaria, Mersa, North Wollo

O obxectivo deste proxecto é axudar ás mulleres máis pobres de entre as pobres a formar grupos de autoaxuda que lles permitan debater as súas preocupacións/problemas e atopar a saída a estes inculcando nelas o hábito do aforro e involucrándoas en actividades de xeración de ingresos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Formar ás mulleres integrantes dos grupos xa existentes para que poidan dirixir o grupo por si mesmas a longo prazo.
- Concienciar ás integrantes do grupo sobre os dereitos das mulleres.
- Proporcionar espazos de debate e expresión das necesidades das integrantes.
- Dotar de poder económico ás mulleres do grupo.
- Proporcionar créditos ás mulleres como fonte alternativa de ingresos.
- Proporcionar axuda económica especialmente ás mulleres cabeza de familia e outras mulleres necesitadas.
- Xerar oportunidades de emprego.
- Desenvolver os recursos humanos da comunidade.
- Aumentar a matriculación de nenas e nenos nas escolas e mellorar o seu rendemento escolar.
- Aumentar a taxa de alfabetización das mulleres.
- Concienciar sobre a importancia da educación.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES E DOS LOGROS

As beneficiarias do proxecto son as mulleres analfabetas e máis pobres entre as pobres que viven en 2 kebeles de Mersa, lugar no que se levou a cabo este proxecto. As mulleres deste lugar veñen padecendo diversos problemas derivados tanto de factores naturais como humanos. Así que, para reducir ou erradicar, se é posible, o seu

predominio, búscanse os obxectivos antes nomeados e pónense en práctica as actividades citadas a continuación durante todo o proxecto.

ORGANIZACIÓN DA COMUNIDADE

Cando WSO visitou por primeira vez a área para intervir en diferentes actividades de desenvolvemento, decatouse da inexistencia de asociacións de mulleres ou de mocidade. Isto era consecuencia da actitude da comunidade cara ás institucións, debido ás malas experiencias que tiveran no réxime de Derge, que obrigou á poboación a formar asociacións de maneira forzosa. Porén, coa finalidade de cambiar esta situación, WSO retomou a idea unha vez máis en 2003.

Foi moi difícil cambiar a mentalidade da xente neste aspecto, pero con moita sensibilización e debates continuos cos membros da comunidade procedentes de diferentes ámbitos sociais, logrouse obter o seu compromiso. E isto empregado como técnica de introducción de conceptos, axudounos ao final a organizar 3 grupos de mulleres. O proceso de formación dos grupos foi o seguinte:

Paso 1

Despois de seleccionar as aldeas coas/os líderes da comunidade, leváronse a cabo visitas casa por casa para comprender as condicións de vida e coñecer o nivel de ingresos da comunidade. Elaborouse un cuestionario que se realizou nas visitas casa por casa, sobre as fontes de ingresos e a cantidade dos mesmos, o tamaño das familia e os seus recursos económicos, o número de nenas e nenos escolarizados, os problemas que teñen e as formas de solucionarlos.

Paso 2

Convocouse unha reunión xeral coa comunidade na que se debateu e se identificaron ás persoas máis pobres entre as pobres da comunidade mediante un método de establecemento xeráquico da riqueza coa axuda das mediadoras e a coordinadora, quen non tomaron parte nesta identificación e só prestaron axuda cando foi necesaria.

Paso 3

As persoas identificadas como as máis pobres das pobres, foron convocadas nunha reunión e recibiron orientación sobre os grupos, as súas vantaxes etc. As mulleres dispostas a formar parte dos grupos, agrupáronse e puxeron nome ao grupo, decidiron a

hora e o día da reunión semanal, estableceron o importe de aforro semanal, elixiron presidenta, secretaria e tesoureira e prepararon os estatutos do grupo. O

Os obxectivos desta actividade eran capacitar ás mulleres integrantes dos grupos para que puidesen dirixir o grupo por si mesmas a longo prazo, concienciar ás integrantes do grupo sobre os dereitos das mulleres e proporcionar espazos de debate e expresión das necesidades das integrantes.

FORMACIÓN DE LIDERAZGO

Coa finalidade de capacitar ás integrantes dos grupos, organizouse a formación de liderazgo para 15 mulleres, 5 de cada grupo. A formación durou 5 días e as mulleres aprenderon a dirixir o seu grupo en diferentes circunstancias.

Mulleres asistentes ao curso de formación de liderazgo e destrezas comunicativas

RESULTADO DESTA FORMACIÓN

- 15 mulleres capacitadas con coñecemento sobre cómo dirixir o seu grupo
- Estas mulleres difundirán os coñecementos adquiridos ás outras integrantes do grupo para que todas se beneficien dos mesmos.

Por outro lado, recoñécese que esta formación asegurou a sustentabilidade dos grupos e das actividades que se veñen realizando.

FORMACIÓN SOBRE CONCIENCIACIÓN DE XÉNERO

O plan era formar a 15 integrantes dos grupos pero debido á pouca concienciación da comunidade sobre aspectos de xénero, considerouse importante aumentar o número de mulleres receptoras da formación, incluíndo mulleres que non pertencían a ningún grupo. Así, para actualizar o seu coñecemento das áreas, formouse a 90 mulleres nos dereitos das mulleres e dotación de poder económico, a diferenza entre sexo e xénero e prácticas tradicionais novas. A formación durou 4 días.

RESULTADOS

Como resultado desta formación, observouse unha mellora nos roles socio-económicos das mulleres, na redución da violencia sexual, e cambio de condutas nas prácticas tradicionais nocivas, ao comezar estas mulleres a transmitir a información que tiñan ás/aos súas/seus amigas/os, ás/aos súas/seus veciñas/os e ás súas familias.

Esta formación axudará en gran medida á duración e continuidade dos cambios de conduta en materias de xénero, xa que as mulleres formadas deron a súa palabra de traballar esforzándose ao máximo na dirección da comunidade coma un todo.

CAPACITACIÓN EMPRESARIAL

Para familiarizar ás mulleres coa capacitación empresarial, organizouse con éxito a formación de 15 integrantes dos grupos en planificación empresarial, aforro e crédito e xestión de recursos. A formación durou 3 días e os obxectivos eran capacitar a estas mulleres para que dirixisen os seus propios negocios, acadasen independencia económica e asegurarlles alimentos para elas e para as súas familias ao aumentaren os seus ingresos. Debido á efectividade desta formación, a vida da maioría delas é distinta agora: visten ben, poden educar ás/aos súas/seus fillas/os, cubren os seus gastos, etc. Un bo exemplo son as palabras da seguinte muller. Chámase Atinafa Abebe e ten 50 anos. Cando se integrou por primeira vez nun grupo, non sabía nada de actividades empresariais, pero trala formación e a súa participación no grupo, amosouse moi activa e agora é rexenta un negocio a pequena escala, como é a venta de “Tella” (bebida local) e pan. Di que a súa vida é mellor que antes.

Resultado

A maioría das integrantes dos grupos dirixen hoxe os seus propios negocios a pequena escala, como a venta de “Tella” and “Gulit”. Basicamente, isto axudoulles a xerar ingresos para mellorar, en parte, a vida das súas familias.

A sustentabilidade desta actividade é incuestionable, xa que a realizan coma unha tarefa diaria e, ademais, integráronse no grupo por vontade propia.

FORMACIÓN E EMPREGO DE DÚAS TRABALLADORAS DE BASE DA PROPIA COMUNIDADE

A formación sobre pedagogía pensábase dirixir a 100 persoas de distintos campos sociais, entre agosto e setembro de 2004. O obxectivo era proporcionar a estas/es

traballadoras/es os conceptos básicos de educación de persoas adultas, o que lles axudou moito á hora de compartir os seus coñecementos coas/cos estudantes. Polo tanto, xerou moito máis beneficio para estas/es traballadoras/es realizando as súas habilidades neste ámbito.

En consecuencia, seleccionáronse dúas mediadoras de entre as persoas formadas e foron contratadas como traballadoras de base para levar a cabo o programa.

Resultado

Esta actividade soa xa contribuíu moito a animar a outras mulleres a completar a súa educación dando ás mediadoras unha oportunidade de xerar ingresos. Ademais melloraron a súa experiencia laboral ao participar activamente noutros traballos organizativos distintos deste proxecto.

En canto á sustentabilidade das actividades, os grupos acordaron cubrir o salario da supervisora contribuíndo cunha determinada cantidade mensual.

CLASES DE ALFABETIZACIÓN

Outra das actividades previstas no proxecto foron as clases de alfabetización para estas mulleres, que non tiveron acceso á educación na súa infancia por diferentes motivos. Así, 50 mulleres teñen agora acceso a unha educación básica alternativa que lles permite ler e escribir. Por exemplo, Zemu Kebede comenta os seus problemas ao recibir unha carta do seu fillo, que era soldado, e non poder lela. Dende aquelas agardaba a súa oportunidade. Cando as nosas mediadoras informaron ás integrantes do grupo de que WSO ía poñer en marcha clases de alfabetización, ela foi a primeira en decidir aprender. Así, conta que a súa vida é hoxe moi distinta. Do mesmo xeito 40 nenas e nenos asisten a clases de apoio para aumentar a escolarización e mellorar o rendemento académico nas escolas. Sobre todo axúdase moito e anímase a estudar a nenas con baixo rendemento académico. En gran medida axudouse con eficacia ás/os beneficiarias/os destas clases de alfabetización, e as/os traballadoras/es da comunidade de base foron totalmente responsables diso.

Resultado

40 nenas/os e 50 mulleres dos grupos formaron parte das clases de alfabetización e melloraron as súas habilidades de lectura e escritura. Aumentou a escolarización e mellorou o rendemento académico das/os nenas/os ao tempo que se alfabetizou ás mulleres dos grupos.

PROVISIÓN DE FONDOS

Formouse unha federación a través da unión de 3 grupos dispuxo un total de 30.000 birr (2927.61 Euros) en concepto de fondo rotatorio para créditos ás integrantes do grupo, e chamáronlle á súa asociación “Ewketchora”, que significa “resplandor do coñecemento”. A selección das representantes fíxose da seguinte maneira:

- Cada grupo está representado por 2 persoas activas nos seus grupos individuais e que toman toda a responsabilidade no nome do grupo na federación
- Na federación selecciónase a 4 persoas para dirixir o organismo administrativo da mesma

Como resultado disto, as mulleres teñen maior capacidade económica e teñen acceso a unha fonte de ingresos alternativa.

SISTEMA DE REXISTROS

- Libro de actas da reunión
- Factura, tanto xustificante de caixa como xustificante de pagamento
- Libro de caixa
- Libro de contas / libretas de aforros; aberta en Amhara credit and saving institution (ACSI) (institución de crédito e aforro Amhara)

XESTIÓN

A coordinadora do proxecto proporcionou axuda técnica a dúas mediadoras e axudoulles nos seus esforzos para levar a cabo as diferentes partes do proxecto. Isto efectuouse cunha supervisión diaria conxunta.

Por outro lado, o Director Executivo supervisou o curso das actividades trimestralmente.

UTILIZACIÓN DO ORZAMENTO

Todo o orzamento utilizado na posta en práctica das actividades deste proxecto emprégase de xeito efectivo e os detalles establécense na sección “seguimento financeiro”.

RELACIÓN COA ENTIDADE DOADORA

Consideramos que a relación entre WSO e a axencia doadora, IND é moi boa e positiva. Por iso vimos traballando xuntos ata agora.

ACTITUDE DA COMUNIDADE CARA AO PROXECTO

A actitude da comunidade, tanto pola parte dos organismos de goberno como pola xente residente na zona, é moi boa e acollidora. Por iso, WSO continúa traballando na zona. Isto é así porque Women Support Organization cumpre o seu compromiso de traballo de forma eficaz e satisfactoria para as/os beneficiarias/os.

IMPACTO DE XÉNERO

Consideramos que se fixo un gran traballo na consecución da igualdade de xénero e na finalización da violencia de xénero, establecida na zona durante séculos. Na actualidade isto semella estar erradicándose: como as mulleres teñen autoridade dende o punto de vista económico, social e político, o seu poder de toma de decisións na comunidade en xeral e na familia en particular, aumentou. Elas expoñen alto e claro en público os seus dereitos.

POSTURA DAS AUTORIDADES LOCAIS

Os organismos de goberno das zonas foron de gran axuda durante o proxecto porque o concepto do mesmo impactoulles moito. Polo tanto, mostraron unha actitude positiva cara o proxecto e tamén teñen intención de continuo.

SUSTENTABILIDADE DO PROXECTO

Este proxecto levárono a cabo as persoas beneficiarias do mesmo, as cales foron dotadas de recursos. Polo tanto, a súa sustentabilidade é incuestionable. Isto fíxose patente no foro de debate entre WSO e os organismos de goberno, persoas implicadas, líderes comunitarias/os e as propias persoas beneficiarias. O goberno agradeceu tamén o enfoque e prometeu axudar ás mulleres para que melloren as súas posibilidades.

4. FINANCIAMENTO

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO conta dúas fontes de financiamento para desenvolver a súa actividade:

PROPIAS

- Cotas de socias/os
- Desenvolvemento de actividades
- Vendas de material

ALLEAS

- Públicas: subvencións oficiais
- Privadas: doazóns de particulares

Durante o presente ano, o recadado dende estas dúas fontes preséntase no balance que se achega ó final deste documento

Conta de Resultados

Gastos

Na comparación dos gastos do ano 2005 e 2006, podemos ver unha baixada dos gastos de un 26%. As variacións mais importantes débense os proxectos seguintes:

- **Rehabilitación e desenvolvemento en Karaikal.** A partida que rexistra maior baixada é o proxecto Karaikal o cal foi debido a que a tsunami produciuse o 26 de decembro do 2004, co cal no ano 2005 fíxose un gran esforzo pola nosa parte para poder atender a este proxecto.
- **Fortalecemento de grupos de aforro en Mersa.** Tamén temos unha gran baixada en este proxecto. Dito proxecto no ano 2005 foi subvencionado por Caixa Galicia, finalizando no ano 2005.
- **Proxecto Crisol.** A baixada é debido a que dende setembro formase unha asociación independente, que inda que esta tutelada por IND e mais Amarante ten a súa propia entidade.

Ingresos

Na mesma comparación entre os dous anos a baixada dos ingresos é dun 22%. Isto debese, o mesmo que os gastos o proxecto Karaikal, xa que as doazóns recibidas

para dito proxecto por parte de particulares foron de 30.000 € e outros 30.000 € por parte da Xunta de Galicia.

Este ano foi denegada por parte da Xunta de Galicia a subvención de sensibilización, onde entre outras partidas estaba a confección da Axenda solidaria. Implicadas realizaron este proxecto, conseguindo vender a totalidade das axendas.

No proxecto Crisol a baixada é polo mesmo motivo mencionado no comentario dos gastos.

Temos que subliñar o incremento dos ingresos procedentes da cota das socias/os nun 31%. O movemento da base asociativa foi o seguinte:

Numero de socias/os o fin de 2005.....	54
Altas de socias/os no ano 2006.....	11
Baixas de socias/os no ano 2006.....	-2
Base asociativa o fin de 2006.....	63

Principais partidas do balance

Inmobilizado

En setembro do 2006 firmouse un acordo con Amarante para constituír a Asociación Crisol, anteriormente integrada en IND, e que a partir desta data pasa a ser independente, baixo a tutela das dúas ONGD.

50% do seu capital, 4325,81€ é a parte que corresponde a participación de cada ONG.

Debedores

Neste momento o maior debedor que temos é a Xunta de Galicia polas subvenciones concedidas. O detalle é o seguinte:

Subvencións concedidas no ano 2006.....	51.854,25 €
Pagos feitos	16.868,28 €
Débeda o 31/12/2006	34.985,97 €

A esta débeda contraída no ano 2006 temos que engadir 5.080 € que corresponden ao ano 2005, co cal o total da débeda ca Xunta de Galicia é de 40.065,97 €.

Na conta de clientes esta o importe da venda de 100 axendas a Dirección Xeral de creación e difusión cultural e 108 axendas a Universidade de Vigo. Ambas son cobradas no ano 2007.

Acredores

Acredores por prestacións de servizos. Temos pendente de pago a factura da memoria e a dos audiovisuais

CONTA DE RESULTADOS (PERDAS E GANANCIAS)

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO
PERIODO: 01-01-06 / 31-12-06

Data 31-12-06

DEBE	EXERCICIO 2006	EXERCICIO 2005	%	HABER	EXERCICIO 2006	EXERCICIO 2005	%
# GASTOS	75.872,47	102.312,40	-26%	# INGRESOS	89.444,92	114.757,14	-22%
> DESENVOLVEMENTO URBANO EN TIRUCHY	21.836,98	18.280,63	19%	> FINANCIACIÓN PROPIA	26.431,65	42.860,18	-38%
· Tansferencias.....	21.199,37	17.200,00	23%	· Cotas asociadas/os	8.452,00	6.436,00	31%
· Outros gastos.....	425,00	928,00	-54%	· Doazóns.....	9.901,81	33.503,24	-70%
· Gastos bancarios.....	212,61	152,63	39%	· Ingresos captación de recursos.....	8.077,84	2.920,94	177%
> REHABILITACION E DESENVOLVEMENTO EN KARAICAL	10.561,32	38.103,00	-72%	> INGRESOS VENDAS COMERCIO XUSTO	8.079,48	16.566,31	-51%
· Tansferencias.....	10.515,20	37.800,00	-72%	· Ventas comercio xusto	8.079,48	16.566,31	-51%
· Gastos bancarios.....	46,12	303,00	-85%	> FINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA	51.854,25	55.082,78	-6%
> FORTALECEMENTO DOS GRUPOS DE AFORRO EN MERSA....	256,00	3.170,00	-92%	· Desenvolvemento urbano de Tyruchy.....	25.694,25	15.018,78	71%
· Tansferencias.....	250,00	3.170,00	-92%	· Fortalecemento.....	25.000,00	10.064,00	148%
· Gastos bancarios.....	6,00	0,00		· Política lingüística.....	1.160,00		
> PROXECTO CRISOL	22.462,61	32.541,28	-31%	· Rehabilitación e desenvolvemento en Karaikal.....	0,00	30.000,00	
· Aluguer Local.....	6.966,36	9.055,86	-23%	> FINANCIACIÓN LOCAL	2.000,00	0,00	
· Salarios.....	8.459,65	9.570,63	-12%	· Concello de Lugo.....	2.000,00		
· Compras comercio xusto.....	4.742,86	11.012,29	-57%	> OUTROS INTERESES E INGRESOS ASIMILADOS	1.079,54	247,87	336%
· Outros gastos.....	2.293,74	2.902,50	-21%	· Outros ingresos financeiros	0,66	3,87	-83%
> SENSIBILIZACION.....	19.607,44	9.470,94	107%	> I NGRESOS EXTRAORDINARIOS.....	1.078,88	244,00	342%
· Clubs de cooperacion.....	7.071,75	5.324,35	33%	· Ingresos extraordinarios.....	1.078,88	244,00	342%
· Cumio do Microcredito en Canada.....	3.190,53			# RESULTADOS DO EXERCICIO (PERDA)	0,00	0,00	
· Implicate.....	653,98						
· Implicarte.....	264,55						
· Axenda 2007.....	1.917,22	3.132,00	-39%				
· Boletín.....	655,20						
· Memoria anual.....	2.283,40						
· Audiovisuais.....	2.552,00						
· Articulos Publicitarios.....	1.018,81	1.014,59	0%				
> OUTROS GASTOS	1.148,12	746,55	54%				
· Cota da coordinadora.....	120,45	120,00	0%				
· Gastos Bancarios.....	623,09	596,93	4%				
· Outros Gastos.....	404,58	29,62					
# RESULTADOS DO EXERCICIO (BENEFICIOS)	13.572,45	12.444,74	9%				

BALANCE DE SITUACIÓN

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVIMENTO
PERÍODO: 01-01-06 / 31-12-06

Data 31-12-06

ACTIVO	EXERCICIO 2006	EXERCICIO 2005	PASIVO	EXERCICIO 2006	EXERCICIO 2005
# INMOBILIZADO	4.905,81	0,00	# FONDOS PROPIOS	55.197,06	
> INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS	580,00		> FONDO SOCIAL	41.624,61	
· OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL	580,00		· FONDO SOCIAL	41.624,61	37.298,80
> INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS	4.325,81	0,00	> PERDAS E GANANCIAS (BENEFICIO OU PERDA)	13.572,45	24.854,06
PARTICIPACIÓN NA ASOCIACIÓN CRISOL.....	4.325,81	0,00	· PERDAS E GANANCIAS (Perdas)	13.572,45	24.854,06
# ACTIVO CIRCULANTE	55.910,25	49.140,92	# ACREDORES A CURTO PRAZO	5.619,00	12.444,74
> DEBEDORES	43.777,05	28.156,88	> ACREDORES COMERCIAIS	5.424,21	
· CLIENTES	3.311,08	0,00	· PROVEDORES	230,28	11.842,12
· ADMINISTRACIÓN PÚBLICA POR SUVENCIONS.....	40.465,97	28.156,88	· ACREDORES POR PRESTACIÓNS DE SERVIZO	5.193,93	10.447,45
> TESOREIRIA	12.133,20	20.984,04	> OUTRAS DÉBEDAS NON COMERCIAIS	194,79	8.046,63
· CAIXA	0,00	72,00	· ORGANISMOS DA SEGURIDADE SOCIAL ACREI	169,20	2.400,82
· BANCOS	12.133,20	20.912,04	· FACENDA PUBLICA ACREADOR POR CONCEPTO	25,59	1.394,67
TOTAL ACTIVO	60.816,06	49.140,92	TOTAL PASIVO	60.816,06	49.140,92